

# ORDENANZA XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E DOUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO MUNICIPAIS DO CONCELLO DA CORUÑA

## ÍNDICE

### PREÁMBULO

#### CAPÍTULO PRIMEIRO. PRINCIPIOS XERAIS.

- Artigo 1. Natureza da ordenanza. Ámbito de aplicación.
- Artigo 2. Ámbito temporal das normas tributarias.
- Artigo 3. Administración Tributaria municipal.
- Artigo 4. Xeneralidade da imposición.
- Artigo 5. Interpretación.
- Artigo 6. Fiscalización.

#### CAPÍTULO SEGUNDO. ELEMENTOS DA RELACIÓN TRIBUTARIA.

- Artigo 7. O feito imponible.
- Artigo 8. Beneficios fiscais.
- Artigo 9. Persoas obrigadas tributarias.
- Artigo 10. Suxeitos pasivos: Persoa contribuínte e substituto.
- Artigo 11. Persoas sucesoras: sucesores /as de persoas físicas, e sucesores/as de persoas xurídicas e de entidades sen personalidade.
- Artigo 12. Responsabilidade tributaria.
- Artigo 13. Procedemento fronte as persoas responsables.
- Artigo 14. Capacidade de obrar e representación.
- Artigo 15. O domicilio fiscal.

#### CAPÍTULO TERCEIRO. DEREITOS E GARANTÍAS DAS PERSOAS CONTRIBUÍNTES.

##### SECCIÓN PRIMEIRA. DEREITOS DAS PERSOAS OBRIGADAS TRIBUTARIOS.

- Artigo 16. Dereitos e garantías das persoas obrigadas tributarias.

##### SECCIÓN SEGUNDA. EFECTIVIDADE DOS DEREITOS E GARANTÍAS DAS PERSOAS OBRIGADAS TRIBUTARIOS.

- Artigo 17. Obriga de resolver.
- Artigo 18. Estado de tramitación dos procedementos.
- Artigo 19. Identificación das persoas responsables da tramitación dos procedementos.

- Artigo 20. Expedición de certificacións e copias acreditativas da presentación de declaracións e documentos.
- Artigo 21. Lingua dos procedementos.
- Artigo 22. Presentación de documentos.
- Artigo 23. Carácter reservado da información obtida pola Administración Tributaria e acceso a arquivos e rexistros administrativos.
- Artigo 24. Trato respectuoso e non discriminatorio.
- Artigo 25. Obriga da Administración de facilitar o exercicio dos dereitos.
- Artigo 26. Alegacións.
- Artigo 27. Audiencia á persoa interesada.
- Artigo 28. Devolución de ingresos indebidos.

#### SECCIÓN TERCEIRA. DAS RELACIÓNS ELECTRÓNICAS COA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA MUNICIPAL.

- Artigo 29. Relacións electrónicas coa Administración Tributaria municipal.

### CAPÍTULO CUARTO. A DÉBEDA TRIBUTARIA.

#### SECCIÓN PRIMEIRA. ELEMENTOS CONSTITUTIVOS.

- Artigo 30. Base Imponible e base liquidable.
- Artigo 31. Tipo de gravame e cota tributaria.
- Artigo 32. Débeda tributaria.

#### SECCIÓN SEGUNDA. EXTINCIÓN E PAGO DA DÉBEDA.

- Artigo 33. Pago.
- Artigo 34. Prescrición.
- Artigo 35. Cómputo dos prazos.
- Artigo 36. Interrupción da prescrición.

### CAPÍTULO QUINTO. XESTIÓN TRIBUTARIA.

#### SECCIÓN PRIMEIRA. DISPOSICIÓNS XERAIS.

- Artigo 37. A xestión tributaria.
- Artigo 38. Formas de iniciación da xestión tributaria.
- Artigo 39. Declaración tributaria.
- Artigo 40. Autoliquidacións.
- Artigo 41. Presentación de declaracións e autoliquidacións.
- Artigo 42. Comunicación de datos.
- Artigo 43. Declaracións, autoliquidacións e comunicacións complementarias ou substitutivas.
- Artigo 44. Consultas tributarias escritas.
- Artigo 45. Notificacións en materia tributaria.
- Artigo 46. Notificacións a persoas falecidas.
- Artigo 47. Notificación por comparecencia.
- Artigo 48. Consultas de anuncios na sede electrónica municipal.
- Artigo 49. Obriga de resolver, prazo de resolución e efecto da falta de resolución expresa.
- Artigo 50. Comprobación e investigación.
- Artigo 51. Obrigas de información e colaboración social.
- Artigo 52. Denuncia pública.
- Artigo 53. Utilización de novas tecnoloxías e protección de datos.

- Artigo 54. Validez dos documentos e das copias.
- Artigo 55. Liquidación.
- Artigo 56. Notificación das liquidacións tributarias.
- Artigo 57. Matrícula.

## SECCIÓN SEGUNDA. PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

- Artigo 58. Procedementos de xestión tributaria.
- Artigo 59. Petición de certificados.
- Artigo 60. Conflito en aplicación da norma tributaria.
- Artigo 61. Procedemento para a confección e aprobación de padróns para a cobranza de tributos periódicos.

## CAPÍTULO SEXTO. XESTIÓN RECADATORIA.

### SECCIÓN PRIMEIRA. DISPOSICIÓNS XERAIS.

- Artigo 62. Competencia municipal.
- Artigo 63. Ámbito de aplicación.
- Artigo 64. Réxime legal.

### SECCIÓN SEGUNDA. DA XESTIÓN RECADATORIA.

- Artigo 65. Disposicións xerais.
- Artigo 66. Competencia.

### SECCIÓN TERCEIRA. ÓRGANOS RECADADORES.

- Artigo 67. Enumeración.
- Artigo 68. Atribucións da persoa titular da Tesourería Xeral.

### SECCIÓN CUARTA. PAGO

- Artigo 69. Lexitimación, lugar e forma de pago.
- Artigo 70. Medios e momento do pago en efectivo.
- Artigo 71. Cheque.
- Artigo 72. Pago mediante tarxeta de crédito e débito.
- Artigo 73. Pago mediante transferencia bancaria.
- Artigo 74. Pago mediante domiciliación bancaria.
- Artigo 75. Pago mediante efectos timbrados e máquinas ou terminais informáticos rexistradores.
- Artigo 76. Pago telemático. Procedemento.
- Artigo 77. Tempo do pago.

### SECCIÓN QUINTA. APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DO PAGO.

- Artigo 78. Regras xerais.
- Artigo 79. Débedas aprazables.
- Artigo 80. Garantías.
- Artigo 81. Tramitación e resolución.
- Artigo 82. Cálculo de xuros de mora.
- Artigo 83. Prazos de ingreso, forma de pago e efectos da falta de pagamento.

## SECCIÓN SEXTA. PLAN DE PAGO PERSONALIZADO.

- Artigo 84. Concepto e natureza.
- Artigo 85. Requisitos.
- Artigo 86. Tributos acollidos ao Plan de pago personalizado.
- Artigo 87. Solicitud.
- Artigo 88. Determinación do importe para a súa distribución en prazos ou fraccións.
- Artigo 89. Modalidades do Plan de pago personalizado.
- Artigo 90. Modificacións e baixa no Plan de pago personalizado.
- Artigo 91. Imputación dos pagos anticipados.
- Artigo 92. Falta de pagamento.

## SECCIÓN SÉTIMA. PROCEDEMENTO DE RECADACIÓN EN PERÍODO VOLUNTARIO.

- Artigo 93. Recadación en período voluntario.
- Artigo 94. Iniciación e conclusión.
- Artigo 95. Domiciliación en entidades de depósito.

## SECCIÓN OITAVA. PROCEDEMENTO DE PRÉSA. DISPOSICIÓNS XERAIS.

- Artigo 96. Recadación en período executivo.
- Artigo 97. Potestade de utilizar a vía de prema.
- Artigo 98. Competencia dos órganos de recadación.
- Artigo 99. Carácter do procedemento.
- Artigo 100. Alleamento dos bens embargados. Composición da Mesa da Poxa.
- Artigo 101. Adxudicación de bens ao concello. Procedencia.
- Artigo 102. Inscripción e cancelación de cargas non preferentes.
- Artigo 103. Créditos incobrables. Concepto.
- Artigo 104. Procedemento e declaración de crédito incobrable.
- Artigo 105. Efectos.
- Artigo 106. Baixas por referencia.
- Artigo 107. Revisión de fallidos e rehabilitación de créditos incobrables.
- Artigo 108. Recadación polo concello de créditos a favor doutros entes municipais. Procedemento.
- Artigo 109. Tercerías. Carácter e clases.
- Artigo 110. Procedemento.
- Artigo 111. Resolución.
- Artigo 112. Tercerías a favor do concello.

## SECCIÓN NOVENA. RECURSOS ADMINISTRATIVOS.

- Artigo 113. Disposición xeral.

## SECCIÓN DÉCIMA. INGRESOS NAS CONTAS OPERATIVAS DO CONCELLO.

- Artigo 114. Normas xerais.
- Artigo 115. Caixa municipal.
- Artigo 116. Entidades colaboradoras.
- Artigo 117. Outros ingresos.

## SECCIÓN DÉCIMO PRIMEIRA. RESPONSABILIDADES.

- Artigo 118. Esixibilidade.

## SECCIÓN DÉCIMO SEGUNDA. OUTRAS NORMAS XERAIS.

- Artigo 119. Auxilio da autoridade.
- Artigo 120. Valores desaparecidos.
- Artigo 121. Procedemento para a expedición de títulos executivos e obtención de estados de xestión.

## CAPÍTULO SÉTIMO. INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS

- Artigo 122. Concepto.
- Artigo 123. Funcións da Inspección.
- Artigo 124. Normativa reguladora.
- Artigo 125. Planificación das actuacións inspectoras.
- Artigo 126. Facultades da Inspección Municipal de Tributos.
- Artigo 127. Atribución de competencias.

## CAPÍTULO OITAVO. INFRACCIÓNS E SANCIÓN TRIBUTARIAS.

- Artigo 128. Principios da potestade sancionadora.
- Artigo 129. Suxeitos infractores.
- Artigo 130. Infraccións tributarias.
- Artigo 131. Procedemento sancionador.
- Artigo 132. Recursos contra sancións..

## CAPÍTULO NOVENO. REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA.

- Artigo 133. Medios de revisión.
- Artigo 134. Clases de procedementos especiais de revisión.
- Artigo 135. Reclamación económico-administrativa.

Disposición adicional. Categoría fiscal das rúas.

Disposición transitoria primeira. Procedementos en tramitación.

Disposición transitoria segunda. Mantemento de alta no Plan de pagos personalizado.

Disposición final primeira. Instrucións de aplicación.

Disposición final segunda. Derrogación normativa.

Disposición final terceira. Entrada en vigor.

## PREÁMBULO

O artigo 15.3 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, establece que as corporacións locais exercerán a potestade regulamentaria ben nas ordenanzas fiscais reguladoras dos distintos tributos locais, ben mediante a aprobación de ordenanzas fiscais especificamente reguladoras da xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais.

Esta regulación específica da xestión, liquidación, inspección e recadación constitúe así o marco legal municipal necesario para a aplicación dos tributos e outros ingresos públicos locais, e é así mesmo o texto normativo de referencia para os procedementos de revisión en vía administrati-

va municipal. Neste contexto, a simplificación e a refundición normativas constitúen un obxectivo esencial no exercicio da potestade regulamentaria por parte do Concello da Coruña, imprescindible tamén no ámbito tributario.

Se a iso lle engadimos a necesidade de adaptar esta regulación, por unha banda, ás sucesivas reformas que experimentou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (LXT) e, doutra banda, aos avances producidos no ámbito da administración electrónica, todo iso xustifica a oportunidade e a necesidade de aprobación dun novo texto revisado e unificado, en substitución das seguintes ordenanzas municipais xerais de carácter fiscal do Concello da Coruña:

- Ordenanza xeral de xestión, aprobada a súa derradeira modificación por acordo do pleno municipal do 29.12.2015.

- Ordenanza xeral de recadación, aprobada a súa derradeira modificación por acordo do pleno municipal do 20.10.2017.

- Regulamento da inspección de tributos municipais, aprobado por acordo do pleno municipal do 19.12.2008.

Esta nova ordenanza xeral tributaria oríntase polos principios de boa regulación; de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Este novo texto persegue a aprobación dunha norma que se adecúe a un obxectivo de interese xeral que contribúa a unha mellor e máis eficaz xestión tributaria, evitando novas cargas administrativas innecesarias.

En canto á súa proporcionalidade, esta nova ordenanza non supón a asunción de novas cargas ou obrigas administrativas para as persoas contribuíntes, senón que abordando o conxunto da regulación xeral fiscal nun único texto facilítase a súa accesibilidade, consulta e interpretación de maneira integral por parte da persoa contribuínte, así como por parte do conxunto das persoas operadoras tributarias.

Finalmente, refórzase o principio de seguridade xurídica, na medida en que a iniciativa normativa se exerceu de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico autonómico, nacional e europeo na materia, dando lugar a un marco normativo integral, estable e predicible para as súas persoas destinatarias.

Sinalar que co fin de empregar unha linguaxe inclusiva a referencia a persoas, entenderá tanto persoas físicas como persoas xurídicas nos casos en que legalmente proceda.

A presente ordenanza foi sometida a consulta pública previa, conforme ao disposto no artigo 133 da citada Lei 39/2015.

## CAPÍTULO PRIMEIRO. PRINCIPIOS XERAIS

### ARTIGO 1. NATUREZA DA ORDENANZA. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

1. Esta ordenanza xeral dítase de acordo co previsto nos artigos 106.2 e 123.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 2.2, 12 e 15.3, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como

en aplicación do apartado e) do artigo 7 e disposición adicional cuarta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A presente ordenanza xeral ten por obxecto regular os principios básicos, normas comúns e procedementos de xestión, inspección, recadación e de revisión en vía administrativa dos tributos e demais ingresos de dereito público que integren a Facenda municipal da Coruña, así como a potestade sancionadora municipal en materia tributaria.

3. As normas contidas nesta ordenanza consideraranse parte integrante de cada unha das respectivas ordenanzas reguladoras de cada un dos tributos e demais ingresos de dereito público integrantes da Facenda municipal en todo o que non estea especificamente regulado nelas.

4. A presente ordenanza e as ordenanzas fiscais reguladoras de cada tributo ou prezo público aplícanse no termo municipal da Coruña, tendo que aplicarse de acordo cos principios de residencia efectiva e de territorialidade, segundo proceda. Todo iso sen prexuízo das actuacións de colaboración previstas no artigo 8.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

## ARTIGO 2. ÁMBITO TEMPORAL DAS NORMAS TRIBUTARIAS.

---

1. Salvo que se dispoña o contrario, as normas tributarias non terán efecto retroactivo e aplicaranse aos tributos sen período impositivo devindicados a partir da súa entrada en vigor e aos demais tributos cuxo período impositivo se inicie desde ese momento.

2. Con todo, as normas que regulen o réxime de infraccións e sancións tributarias e o das recargas terán efectos retroactivos respecto dos actos que non sexan firmes cando a súa aplicación resulte máis favorable para a persoa interesada.

## ARTIGO 3. ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA MUNICIPAL.

---

Para os efectos da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a Administración Tributaria Municipal estará integrada polos órganos e unidades adscritos á área de goberno con competencias en materia de Facenda e, se é o caso, as entidades de dereito público do Concello da Coruña que desenvolvan as funcións de aplicación dos tributos, a potestade sancionadora e a revisión en vía administrativa de actos en materia tributaria.

## ARTIGO 4. XENERALIDADE DA IMPOSICIÓN.

---

1. A obriga de contribuír, nos termos que establece esta ordenanza xeral e as respectivas ordenanzas fiscais específicas, é xeral e non se poderán recoñecer outros beneficios fiscais na determinación das bases imponible, liquidable e cota tributaria, que os expresamente previstos nas normas con rango de lei, os derivados da aplicación dos tratados internacionais ou os establecidos nas ordenanzas fiscais de cada tributo.

2. A posición xurídica do suxeito pasivo, a das persoas obrigadas ao pago e os demais elementos da obriga tributaria non poderán ser alterados por actos ou convenios dos particulares. Tal actos e convenios non producirán efecto ante a Administración Tributaria municipal, sen prexuízo das súas consecuencias xurídico-privadas.

## ARTIGO 5. INTERPRETACIÓN.

---

1. As normas tributarias interpretaranse segundo o disposto no apartado 1 do artigo 3 do Código Civil.

2. En tanto non se definan expresamente polo ordenamento tributario, os termos empregados nas súas normas entenderanse conforme ao seu sentido xurídico, técnico ou usual, segundo proceda.
3. No ámbito das competencias desta Corporación, a facultade de ditar disposicións interpretativas ou aclaratorias das ordenanzas fiscais correspóndelle á Xunta de Goberno Local, sen prexuízo da posibilidade da súa delegación ao abeiro do artigo 127.2 LBRL. Estas disposicións interpretativas publicaranse para xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia Municipal.
4. Non se admitirá a analogía para estender máis aló dos seus termos estritos o ámbito do feito imponible ou o das exencións ou bonificacións tributarias.

#### ARTIGO 6. FISCALIZACIÓN.

De conformidade co disposto nos artigos 213 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 9 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, a Intervención Xeral Municipal fiscalizará os actos incluídos no ámbito de aplicación da presente ordenanza xeral.

### CAPÍTULO SEGUNDO. ELEMENTOS DA RELACIÓN TRIBUTARIA

#### ARTIGO 7. O FEITO IMPOÑIBLE.

1. O feito imponible é o presuposto de natureza xurídica ou económica fixado na ordenanza fiscal correspondente para configurar cada exacción e cuxa realización orixina o nacemento da obriga de contribuír.
2. Cada ordenanza fiscal específica completará a determinación do feito imponible, así como das condicións en que nace a obriga de contribuír e os supostos de non suxeición.

#### ARTIGO 8. BENEFICIOS FISCAIS.

1. En materia de tributos locais non se admitirán outros beneficios fiscais que os recoñecidos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais. As ordenanzas fiscais específicas de cada tributo poderán recoñecer beneficios fiscais nos supostos e cos requisitos e límites establecidos pola lei.
2. As ordenanzas dos tributos regularán os beneficios fiscais aplicables a cada un deles, así como o procedemento para o seu recoñecemento e aplicación. Os beneficios fiscais establecidos en disposicións legais que non sexan de réxime local rexeranse pola norma que os creara.
3. Salvo que as leis establezan outra cousa, a aplicación dos beneficios fiscais en tributos locais requirirá a petición escrita da parte interesada e producirán efecto desde a data da solicitude ou, nos tributos periódicos, desde o período inmediato seguinte a ela, sempre que, no devandito momento se reúnan os requisitos esixidos para o seu goce. Na petición farase constar:
  - Nome, razón social e domicilio do suxeito pasivo.
  - Normativa que invoca para xustificar a súa solicitude de aplicación do beneficio fiscal, salvo que este apareza recollido na propia ordenanza fiscal reguladora do tributo.
  - Xustificación do cumprimento dos requisitos esixidos para acceder ao réxime de bonificacións e exencións pretendidos, acompañando orixinais ou copias autenticadas dos documentos en que se acredite o seu dereito.



- Os demais aspectos recollidos na ordenanza particular de cada imposto, taxa ou contribución especial.
4. A resolución pola que se conceda o dereito para gozar do beneficio fiscal precisará, de ser o caso:
- 1º. O tributo e período a que se refira.
  - 2º. A súa duración, no caso de que sexa temporal.
  - 3º. A porcentaxe de bonificación aplicable a cada pagamento e se o é na cota ou na base.
  - 4º. A data de termo do beneficio fiscal, se é o caso, ou as circunstancias nas que se perderá.
  - 5º. As obrigas que incumban ao beneficiario, respecto da comprobación periódica do mantemento das condicións que xustificaron a concesión do beneficio fiscal.
  - 6º. As demais circunstancias establecidas na lei ou na ordenanza correspondente.
5. Cando por renuncia do suxeito pasivo ou por revogación do acto de concesión dun beneficio fiscal por incumprimento das condicións establecidas ou outras circunstancias, deber reintegrarse o importe do beneficio fiscal, aboaranse tamén os xuros de mora correspondentes, sen prexuízo das sancións que, se é o caso, procedan.

#### ARTIGO 9. PERSOAS OBRIGADAS TRIBUTARIAS.

De acordo co artigo 35 da Lei 58/2003, xeral tributaria, son persoas obrigadas as persoas físicas ou xurídicas e as entidades aos que a normativa tributaria impón o cumprimento das obrigas tributarias. Son persoas obrigadas tributarias, entre outras as enunciadas no artigo 35 punto 2 e seguintes da Lei xeral tributaria.

A concorrencia de varias persoas obrigadas tributarias nun mesmo presuposto dunha obriga determinará que queden solidariamente obrigadas fronte á Administración Tributaria municipal ao cumprimento de toda as prestacións, salvo que por lei se dispoña expresamente outra cousa.

Cando a Administración municipal só coñeza a identidade dun ou dunha titular efectuará e notificará as liquidacións tributarias ao seu nome, quen virá obrigado/a a satisfacelas se non solicita a súa división. Para ese efecto, para que proceda a división será indispensable que a persoa solicitante facilite os datos persoais e o domicilio das restantes persoas obrigadas ao pago, así como a proporción en que cada unha delas participe no dominio ou dereito transmitido.

Para poder obter esta división, o importe da débeda tributaria deberá ser superior a 30 euros e ademais a cota que resulte tras dividir a débeda deberá ser superior a 6 euros. A aplicación da división requirirá a petición escrita da parte interesada e producirá efecto desde a data da solicitude ou, nos tributos periódicos, desde o pagamento inmediato seguinte a ela, sempre que, no devandito momento se reúnan os requisitos esixidos para o seu goce.

#### ARTIGO 10. SUXEITOS PASIVOS: PERSOA CONTRIBUÍNTE E SUBSTITUTA.

- 1. É suxeito pasivo a persoa obrigada tributaria que, segundo a lei, debe cumprir a obriga tributaria principal, así como as obrigas formais inherentes a ela, sexa como persoa contribuínte ou como persoa substituta deste. Non perderá a condición de suxeito pasivo quen deba repercutir a cota tributaria a outras persoas obrigadas, salvo que a lei de cada tributo dispoña outra cousa.
- 2. É contribuínte o suxeito pasivo que realiza o feito imponible.
- 3. É substituto/a o/a suxeito pasivo que, por imposición da lei e en lugar da persoa contribuínte,

está obrigado a cumprir a obriga tributaria principal, así como as obrigas formais inherentes a ela. A persoa substituta poderá esixir da persoa contribuínte o importe das obrigas tributarias satisfeitas, salvo que a lei sinala outra cousa.

#### ARTIGO 11. PERSOAS SUCESORAS: SUCESTORES DE PERSOAS FÍSICAS E SUCESTORES DE PERSOAS XURÍDICAS.

---

##### 1. Sucesores/as de persoas físicas.

a) Á morte das persoas obrigadas tributarios, as obrigas tributarias pendentes transmitiranse aos herdeiros ou herdeiras, sen prexuízo do que establece a lexislación civil en canto á adquisición da herdanza. En ningún caso se transmitirán as sancións. Tampouco se transmitirá a obriga do responsable salvo que se notificase o acordo de derivación de responsabilidade antes do falecemento.

b) Non impedirá a transmisión as persoas sucesoras das obrigas tributarias devindicadas o feito de que á data da morte da persoa causante a débeda tributaria non estivese liquidada, nese caso as actuacións entenderanse con calquera delas, e deberáselles notificar a liquidación que resulte das devanditas actuacións a todas as persoas interesadas que consten no expediente.

c) Mentres a herdanza estea xacente, o cumprimento das obrigas tributarias do causante corresponderá ao ou á representante da herdanza xacente.

##### 2. Sucesores/as de persoas xurídicas.

a) As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas nas que a lei limita a responsabilidade patrimonial das persoas socias, partícipes ou cotitulares transmitiranse a estes, que quedarán obrigadas solidariamente ata o límite do valor da cota de liquidación que lles corresponda.

b) As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas nas que a lei non limita a responsabilidade patrimonial das persoas socias, partícipes ou cotitulares transmitiranse integramente a estes, que quedarán obrigadas solidariamente ao seu cumprimento.

c) O feito de que a débeda tributaria non estivese liquidada no momento de producirse a extinción da personalidade xurídica da sociedade ou entidade non impedirá a transmisión das persoas socias devindicadas as persoas sucesoras, e poderanse entender as actuacións con calquera delas.

d) As sancións que puidesen proceder polas infraccións cometidas polas sociedades e entidades ás que se refire este artigo seránlles esixibles ás persoas sucesoras, nos termos establecidos nos apartados anteriores, ata o límite do valor da cota de liquidación que lles corresponda.

#### ARTIGO 12. RESPONSABILIDADE TRIBUTARIA.

---

1. De acordo coa lei, as ordenanzas específicas poderán configurar como persoas responsables solidarias ou subsidiarias da débeda tributaria, xunto aos debedores/as principais, a outras persoas ou entidades. Para estes efectos, consideraranse persoas debedoras principais as obrigadas tributarias do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

2. Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

3. A responsabilidade alcanzará a totalidade da débeda tributaria esixida en período voluntario. Cando transcorrese o prazo voluntario de pago que se lle conceda ao/a responsable sen reali-

zar o ingreso, iniciárase o período executivo e esixíranse as recargas e xuros que procedan. A responsabilidade non alcanzará as sancións, salvo as excepcións que na lei se establezan.

4. A derivación da acción administrativa para lles esixir o pago da débeda tributaria ás persoas responsables requirirá un acto administrativo no que, logo da audiencia previa á persoa interesada, se declare a responsabilidade e se determine o seu alcance e extensión, de conformidade co previsto nos artigos 174 a 176 da Lei xeral tributaria. A derivación da acción administrativa as persoas responsables subsidiarias requirirá a declaración previa de fallido da persoa debedora principal e das persoas responsables solidarias.
5. s persoas responsables teñen dereito de reembolso fronte á persoa debedora principal nos termos previstos na lexislación civil.
6. Son responsables solidarios/as ou subsidiarios/as as persoas ou entidades enumeradas respectivamente nos artigos 42 e 43 da Lei xeral tributaria.

### ARTIGO 13. PROCEDIMENTO FRONTE ÁS PERSOAS RESPONSABLES.

---

#### 1. Declaración da responsabilidade.

a) A responsabilidade poderá ser declarada en calquera momento posterior á práctica da liquidación ou á presentación da autoliquidación, salvo que a lei dispoña outra cousa.

b) No suposto de liquidacións administrativas, se a declaración de responsabilidade se efectúa con anterioridade ao vencemento do período voluntario de pago, a competencia para ditar o acto administrativo de declaración de responsabilidade correspóndelle ao órgano competente para ditar a liquidación. Nos demais casos, esta competencia corresponderalle ao órgano municipal de Recadación.

c) O trámite de audiencia previo aos responsables non excluírá o dereito que tamén os asiste para formular con anterioridade ao devandito trámite as alegacións que estimen pertinentes e para achegar a documentación que consideren necesaria.

d) O acto de declaración de responsabilidade seralles notificado ás persoas responsables. O acto de notificación terá o seguinte contido:

- Texto íntegro do acordo de declaración de responsabilidade, con indicación do presuposto de feito habilitante e as liquidacións ás que alcanza este presuposto.

- Medios de impugnación que poden ser exercitados contra o devandito acto, órgano ante o que tivesen que presentarse e prazo para interpoñelos.

- Lugar, prazo e forma en que deba ser satisfeito o importe esixido ao responsable.

e) No recurso ou reclamación contra o acordo de declaración de responsabilidade poderá impugnarse o presuposto de feito habilitante e as liquidacións ás que alcanza este, sen que como consecuencia da resolución destes recursos ou reclamacións se poidan revisar as liquidacións que adquirisen firmeza senón unicamente o importe da obriga do responsable.

f) O prazo concedido ao responsable para efectuar o pago en período voluntario será o establecido no apartado 2 do artigo 62 da Lei xeral tributaria. Se o responsable non realiza o pago no devandito prazo, a débeda seralle esixida en vía de prema, e estenderíase á recarga do período executivo que proceda segundo o artigo 28 da lei citada.

## 2. Procedemento para esixir a responsabilidade.

a) O procedemento para esixir a responsabilidade solidaria, segundo os casos, será o seguinte:

- Cando a responsabilidade fose declarada e notificada ao responsable en calquera momento anterior ao vencemento do período voluntario de pago da débeda que se deriva, bastará con requirirlle o pago unha vez que transcorra este período.

- Nos demais casos, unha vez transcorrido o período voluntario de pago da débeda que se deriva, o órgano competente ditará o acto de declaración de responsabilidade que se lle notificará ao responsable.

b) O procedemento para esixir a responsabilidade subsidiaria será o seguinte: unha vez declarados fallidos a persoa debedora principal e, se é o caso, as persoas responsables solidarias, o órgano competente de acordo co presente artigo ditará o acto de declaración de responsabilidade, que se lle notificará á persoa responsable subsidiaria.

## ARTIGO 14. CAPACIDADE DE OBRAR E REPRESENTACIÓN.

### 1. Capacidade de obrar.

Terán capacidade de obrar na orde tributaria ademais das persoas que a teñan conforme a dereito, os e as menores de idade e as persoas incapacitadas nas relacións tributarias derivadas das actividades cuxo exercicio lles estea permitido polo ordenamento xurídico sen a asistencia da persoa que exerza a patria potestade, tutela, curatela ou defensa xudicial. Exceptúase o suposto dos e das menores incapacitados/as cando a extensión da incapacitación afecte o exercicio e a defensa dos dereitos e intereses de que se trate.

### 2. Representación legal.

Polas persoas que carezan de capacidade de obrar actuarán os seus representantes legais.

Polas persoas xurídicas actuarán as persoas que posúan, no momento en que se produzan as actuacións tributarias correspondentes, a titularidade dos órganos a quen corresponda a súa representación por disposición da lei ou por acordo validamente adoptado.

Polos entes aos que se refire o apartado cuarto do artigo 35 da Lei xeral tributaria actuará na súa representación o que a posúa, sempre que resulte acreditada en forma fidedigna e, de non designarse representante considerárase como tal o que aparentemente exerza a xestión ou dirección e, na súa falta, calquera dos seus membros ou partícipes.

### 3. Representación voluntaria

As persoas obrigadas tributarias con capacidade de obrar poderán actuar por medio de representante nos termos establecidos no artigo 46 da Lei xeral tributaria.

De acordo coa regulación do procedemento administrativo, entenderase acreditada a representación realizada mediante apoderamento, comparecencia persoal ou comparecencia electrónica na correspondente sede electrónica, ou a través da acreditación da súa inscrición no rexistro electrónico de apoderamentos da administración pública competente.

O órgano competente para a tramitación do procedemento deberá incorporar ao expediente administrativo a acreditación da condición de representante e dos poderes que ten recoñecidos no

devandito momento. O documento electrónico que acredite o resultado da consulta ao rexistro electrónico de apoderamentos correspondente terá a condición de acreditación para estes efectos.

Para os efectos das súas relacións coa Administración Tributaria, as persoas obrigadas tributarias que non residan en España deberán designar unha persoa representante con domicilio en territorio español.

## **ARTIGO 15. O DOMICILIO FISCAL.**

O domicilio fiscal será único:

a) Para as persoas físicas, o da súa residencia habitual, sempre que esta estea situada en territorio español, que deberá coincidir co seu enderezo de empadramento.

b) Para as persoas xurídicas, o do seu domicilio social, sempre que este estea situado neste termo municipal e, na súa falta, o lugar no que, dentro de territorio español, radique a xestión administrativa ou dirección dos seus negocios.

c) Para as persoas ou entidades non residentes en España, o domicilio fiscal será o que corresponda ao/a representante previsto no artigo 14.

A Administración poderalles esixir aos suxeitos pasivos que declaren o seu domicilio fiscal. Cando un suxeito pasivo cambie o seu domicilio, deberá poñelo en coñecemento da Administración Tributaria municipal, mediante declaración expresa para ese efecto, sen que o cambio de domicilio produza efecto fronte á Administración, ata que se presente a citada declaración tributaria. A Administración poderá rectificar o domicilio fiscal dos suxeitos pasivos, mediante a comprobación pertinente.

O incumprimento da obriga establecida no parágrafo anterior constituirá infracción leve.

Para os efectos da eficacia das notificacións, estimarase subsistente o último domicilio declarado e, se é o caso, estarase ao regulado nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

## **CAPÍTULO TERCEIRO. DEREITOS E GARANTÍAS DAS PERSOAS CONTRIBUÍNTES**

### **SECCIÓN PRIMEIRA.**

#### **DEREITOS DAS PERSOAS OBRIGADAS TRIBUTARIAS.**

## **ARTIGO 16. DEREITOS E GARANTÍAS DAS PERSOAS OBRIGADAS TRIBUTARIAS.**

1. No marco do disposto no artigo 34 da Lei xeral tributaria, a presente ordenanza reconece, en particular, os seguintes dereitos:

a) Dereito a obter información e asistencia da Administración municipal sobre o exercicio dos seus dereitos e no cumprimento das súas obrigas tributarias.

b) Dereito a obter, nos termos previstos na presente ordenanza, as devolucións derivadas da normativa de cada tributo e as devolucións de ingresos indebidos que procedan, co aboamento dos xuros de mora correspondentes, sen necesidade de efectuar requirimento para o efecto.

c) Dereito ao reembolso, na forma prevista nesta ordenanza, do custo dos avais e outras garantías achegadas para suspender a execución dun acto ou para aprazar ou fraccionar o pago dunha débe-

da, se este acto ou débeda é declarado total ou parcialmente improcedente por sentenza ou resolución administrativa firme, así como á redución proporcional da garantía achegada nos supostos de estimación parcial do recurso ou da reclamación interposta.

d) Dereito a utilizar o galego ou o castelán nas relacións coa Administración tributaria municipal, de acordo co previsto no ordenamento xurídico.

e) Dereito a coñecer o estado de tramitación dos procedementos nos que a persoa contribuínte sexa parte.

f) Dereito a coñecer a identidade das autoridades e persoas ao servizo da Administración tributaria, baixo cuxa responsabilidade se tramitan os procedementos de xestión tributaria nos que teña a condición de persoa interesada.

g) Dereito a solicitar certificación e copia das declaracións presentadas pola persoa contribuínte.

h) Dereito a non achegar os documentos xa presentados e que se atopan en poder da Administración municipal, sempre que a persoa obrigada tributaria indique o día e procedemento no que os presentou.

i) Dereito ao carácter reservado dos datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración Tributaria Municipal, que só poderán ser utilizados para a aplicación dos tributos ou recursos cuxa xestión teña encomendada e para a imposición de sancións, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiras persoas, salvo nos supostos previstos nas leis.

j) Dereito a que a persoa sexa atendida e tratada co debido respecto e consideración polas autoridades e o persoal ao servizo da Administración Tributaria Municipal, así como a un trato persoal e individualizado.

k) Dereito a que as actuacións da Administración que requiran a súa intervención se leven a cabo na forma que lle resulte menos gravosa, sempre que iso non prexudique o cumprimento das súas obrigas tributarias.

l) Dereito a formular alegacións e a achegar documentos que serán tidos en conta polos órganos competentes ao redactar a correspondente proposta de resolución.

m) Dereito a ser oído ou oída no trámite de audiencia.

n) Dereito á información sobre os valores dos bens inmoables que vaian ser obxecto de adquisición ou transmisión.

ñ) Dereito á información sobre o inicio das actuacións de comprobación e investigación levadas a cabo pola Inspección Municipal de Tributos, sobre a natureza e alcance destas, así como sobre os seus dereitos e obrigas no curso de tal actuación e a que se desenvolvan nos prazos previstos na presente ordenanza.

o) Dereito ao recoñecemento dos beneficios ou réximes fiscais que resulten aplicables.

p) Dereito a formular queixas e suxestións en relación co funcionamento da Administración Tributaria Municipal.

q) Dereito a que as manifestacións con relevancia tributaria das persoas obrigadas se recollan nas dilixencias estendidas nos procedementos tributarios.

r) Dereito das persoas obrigadas a presentar ante a Administración tributaria a documentación que estimen conveniente e que poida ser relevante para a resolución do procedemento tributario que se estea desenvolvendo.

s) Dereito a obter copia dos documentos que integren o expediente administrativo, que lle afecte, ben mediante comparecencia no servizo correspondente ou por correo postal, sen prexuízo do pago de taxa que se devindique. Este dereito poderase exercer en calquera momento no procedemento de prema.

2. Integrada na área municipal con competencias en materia de Facenda, a Oficina Municipal para a Defensa do/a Contribuínte velará pola efectividade dos dereitos das persoas obrigadas tributarias, atenderá as queixas que se produzan pola aplicación do sistema tributario que realizan os órganos da Administración Tributaria municipal e efectuará as suxestións e propostas pertinentes. A organización e procedementos desta oficina estableceranse no correspondente regulamento específico.

## **SECCIÓN SEGUNDA.**

### **EFFECTIVIDADE DOS DEREITOS E GARANTÍAS DAS PERSOAS OBRIGADAS TRIBUTARIAS.**

#### **ARTIGO 17. OBRIGACIÓN DE RESOLVER.**

---

1. A Administración Tributaria Municipal está obrigada a resolver expresamente todas as cuestións que se formulen nos procedementos de xestión tributaria iniciados de oficio ou a instancia de parte, excepto nos procedementos relativos ao exercicio de dereitos que só deban ser obxecto de comunicación e cando se produza a caducidade, a perda sobrevida do obxecto do procedemento, a renuncia ou a desistencia das persoas interesadas.

2. Os actos de liquidación, os de comprobación de valor, os que resolvan recursos e reclamacións, os que impoñan unha obriga, os que deneguen un beneficio fiscal ou a suspensión da execución de actos de xestión tributaria, así como cantos outros se establezan na normativa vixente, serán motivados, con referencia aos feitos e fundamentos de dereito.

#### **ARTIGO 18. ESTADO DE TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS.**

---

A persoa contribuínte que sexa parte nun procedemento municipal de xestión tributaria poderá coñecer, en calquera momento do seu desenvolvemento, o estado da tramitación do procedemento. Así mesmo, poderá obter copia dos documentos que figuren no expediente e que teñan que ser tidos en conta polo órgano competente á hora de ditar a resolución, salvo que afecten a intereses de terceiras persoas ou á intimidade doutras persoas ou que así o dispoña unha lei.

A Oficina Municipal para a Defensa dá persoa contribuínte velará de forma especial pola efectividade deste dereito de información.

#### **ARTIGO 19. IDENTIFICACIÓN DAS PERSOAS RESPONSABLES DA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS.**

---

As persoas contribuíntes, logo da solicitude previa dirixida ao órgano que estea a coñecer do procedemento, poderán coñecer a identidade das autoridades e persoal ao servizo da Administración Tributaria municipal baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos de xestión tributaria nos que teñan a condición de interesadas.

## ARTIGO 20. EXPEDICIÓN DE CERTIFICACIÓNS E COPIAS ACREDITATIVAS DA PRESENTACIÓN DE DECLARACIÓNS E DOCUMENTOS.

As persoas contribuíntes teñen dereito a que se lles expida certificación das declaracións tributarias por elas presentadas ou de extremos concretos contidos nas ditas declaracións. Así mesmo, para os efectos da acreditación da presentación de documentos ante a Administración tributaria, así como da data da devandita presentación, as persoas contribuíntes teñen dereito a obter copia selada dos mencionados documentos, sempre que a acheguen xunto cos orixinais para o seu cotexo e, no caso de que estes documentos non deban obrar no expediente, poderán solicitar a devolución de tales orixinais.

## ARTIGO 21. LINGUA DOS PROCEDEMENTOS.

As persoas contribuíntes, nas súas relacións cos órganos da Administración Tributaria do Concello, poden presentar redactados en calquera das linguas oficiais de Galicia os documentos que lles sexan requiridos e solicitar que lles sexan traducidos á dita lingua os documentos expedidos polos órganos da Administración Tributaria do Concello.

## ARTIGO 22. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

As persoas contribuíntes poden rexeitar a presentación de documentos que non resulten esixidos pola normativa aplicable ao procedemento de que se trate. Así mesmo, teñen dereito a non achegar aqueles documentos xa presentados por elas mesmas e que se atopen en poder da Administración municipal, sempre que a persoa obrigada indique o día e o procedemento no que os presentou.

O Concello poderá, en todo caso, requirirle á persoa interesada a ratificación daqueles datos específicos propios ou de terceiras persoas, previamente achegados, contidos nos devanditos documentos.

## ARTIGO 23. CARÁCTER RESERVADO DA INFORMACIÓN OBTIDA POLA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E ACCESO A ARQUIVOS E REXISTROS ADMINISTRATIVOS.

1. Os datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración Tributaria municipal teñen carácter reservado, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiras persoas, salvo nos supostos previstos nas leis.

Todas as autoridades ou persoas funcionarias que teñan coñecemento destes datos, informes ou antecedentes estarán obrigadas ao máis estrito e completo sigilo respecto deles, salvo nos casos previstos nas leis.

2. No marco previsto no apartado anterior, as persoas contribuíntes poden acceder aos rexistros e documentos que, formando parte dun expediente, obren nos arquivos administrativos, sempre que tales expedientes correspondan a procedementos terminados na data da solicitude nos que o solicitante fose parte.

## ARTIGO 24. TRATO RESPECTUOSO E NON DISCRIMINATORIO.

As persoas contribuíntes teñen dereito, nas súas relacións coa Administración tributaria do Concello da Coruña, a ser atendidas e tratadas co debido respecto e consideración polas autoridades e o persoal ao servizo daquela, sen que en ningún momento poidan ser obxecto de trato discriminatorio, nos termos previstos na Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación.



## ARTIGO 25. OBRIGA DA ADMINISTRACIÓN DE FACILITAR O EXERCICIO DOS DEREITOS.

O Concello da Coruña garantiralle á persoa contribuínte, en todo momento, o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas. As actuacións da Administración que requiran a intervención das persoas contribuíntes deberán levarse a cabo da forma que resulte menos gravosa para estas e sexa compatible co cumprimento das súas obrigas tributarias.

## ARTIGO 26. ALEGACIÓNS.

As persoas contribuíntes poderán, en calquera momento do procedemento, anterior ao trámite de audiencia ou, se é o caso, á redacción da proposta de resolución, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo, que serán tidos en conta polos órganos competentes ao redactar a correspondente proposta de resolución.

## ARTIGO 27. AUDIENCIA Á PERSOA INTERESADA.

1. En todos os procedementos regulados nesta ordenanza daráselle audiencia á persoa interesada, antes de redactar a proposta de resolución, para que poida alegar o que conveña ao seu dereito.
2. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas pola persoa interesada.

## ARTIGO 28. DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS.

- 1.- A Administración municipal devolverá ás persoas obrigadas tributarias, aos suxeitos infractores ou aos sucesores ou sucesoras dunhas e doutros, os ingresos que indebidamente se realizaron na Caixa Municipal con ocasión do cumprimento das súas obrigacións tributarias ou do pago de sancións.
- 2.- Coa devolución de ingresos indebidos a Administración tributaria abonará o interese de demora regulado nesta Ordenanza, sen necesidade de que a persoa obrigada tributaria o solicite. Para estes efectos, o interese de demora devindicarase desde a data en que se realizou o ingreso indebido ata a data en que se ordene o pago da devolución.

As dilacións no procedemento por causa imputable á persoa interesada non se terán en conta a efectos do cómputo do período a que refírese o parágrafo anterior.

3. Cando se proceda a devolver un ingreso indebido derivado dunha autoliquidación ingresada en varios prazos, entenderase que a cantidade devolta se ingresou no último prazo e, de non resultar cantidade suficiente, a diferenza considerárase satisfeita nos prazos inmediatamente anteriores.

## SECCIÓN TERCEIRA.

### DAS RELACIÓNS ELECTRÓNICAS COA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA MUNICIPAL.

## ARTIGO 29. RELACIÓNS ELECTRÓNICAS COA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA MUNICIPAL.

- 1.1 Conforme ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, estarán obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración Tributaria municipal, para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo:

- As persoas xurídicas
- As entidades sen personalidade xurídica
- Quen exerza unha actividade para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións derivados da devandita actividade profesional (incluídos os notarios e rexistradores).
- Quen represente a un interesado ou interesada que estea obrigado/a a relacionarse electronicamente coa Administración.

- 1.2 Cando a persoa interesada estea obrigada a relacionarse a través de medios electrónicos e incumpra este deber, o órgano administrativo competente requirirá a correspondente corrección, advertindo de que, de non ser atendido o requirimento no prazo de dez días, se terá por desistido da súa solicitude ou poderase declarar decaído no seu dereito ao trámite correspondente, logo da resolución previa que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada Lei 39/2015.

Este réxime de corrección será así mesmo aplicable ás persoas físicas non obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos que, de acordo co disposto no apartado 2 seguinte, comunicasen a súa decisión de relacionarse exclusivamente por medios electrónicos coa Administración Tributaria municipal.

2. En todo caso, as persoas físicas poderán optar en todo momento entre comunicarse coa Administración tributaria do Concello da Coruña para o exercicio dos seus dereitos e deberes, logo da autenticación e acreditación previa da súa identidade, por medios electrónicos ou presencialmente.

Así mesmo, poderán escoller a forma no que o Concello lle emitirá a súa resposta á comunicación da persoa interesada, isto é, por medios electrónicos ou mediante comunicación postal.

Neses casos, as persoas físicas poderán exercer o seu dereito para relacionarse electronicamente coa Administración Tributaria do concello ao comezo do procedemento e, para ese efecto, comunicaranllo ao órgano competente para a tramitación deste, de maneira que este poida ter constancia da devandita decisión.

A vontade de relacionarse electronicamente ou, se é o caso, de deixar de facelo, cando se comunicase previamente ao órgano encargado da tramitación do procedemento conforme ao parágrafo anterior, poderase realizar nunha fase posterior do procedemento, aínda que se lle deberá comunicar ao devandito órgano de maneira que quede constancia desta. En ambos os casos, os efectos da comunicación produciranse a partir do quinto día hábil seguinte a aquel no que o órgano competente para tramitar o procedemento teña constancia desta.

3. As notificacións da Administración Tributaria Municipal efectuaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando a persoa interesada estea obrigada a recibilas por esa vía segundo o apartado 1 precedente. As notificacións electrónicas entenderanse realizadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido.

Entenderase rexeitada a notificación cando transcorresen 10 días naturais desde a súa posta á disposición sen que se acceda ao seu contido. Toda as notificacións que se practiquen en papel poñeranse ao dispor das persoas interesadas e ademais na sede electrónica do Concello da Coruña para que estas poidan acceder a elas de forma voluntaria.

Cando a persoa interesada sexa un suxeito obrigado a relacionarse por medios electrónicos e a Administración Tributaria do Concello da Coruña non dispoña de datos de contacto electrónico para practicar o aviso de posta a disposición, nos procedementos iniciados de oficio, a primeira notificación que efectúe a Administración municipal realizaraa en papel na forma determinada

polo artigo 42.2 da Lei 39/2015, advertindo a persoa interesada nesa primeira notificación de que as sucesivas se levarán a cabo en forma electrónica na sede electrónica, e dándolle a coñecer que, de acordo co previsto no artigo 41.1 da Lei 39/2015, pode identificar un dispositivo electrónico, un enderezo de correo electrónico ou ambos para o aviso da posta a disposición das notificacións electrónicas posteriores.

4. As persoas interesadas terán dereito a consultar o estado de tramitación do seu expediente administrativo a través da sede electrónica do Concello da Coruña.
5. A cidadanía terá dereito a relacionarse electronicamente coa Administración Tributaria municipal a través da sede electrónica do Concello da Coruña.
6. En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á protección de datos persoais das persoas físicas, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o Concello da Coruña, como responsable do tratamento, aplicará en calquera tratamento de datos realizado no marco dun procedemento de xestión, recadación e inspección tributarias, os principios recollidos nas devanditas normas.
7. De conformidade co artigo 12.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, cando as persoas interesadas non obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración non dispoñan dos medios electrónicos necesarios para a súa identificación ou sinatura electrónica no procedemento administrativo, estas poderán ser realizadas validamente por persoal funcionario da Administración tributaria do Concello da Coruña habilitado mediante o uso do sistema de sinatura electrónica do que dispoña. Para iso será preciso que a persoa interesada se identifique debidamente ante a persoa funcionaria e preste o seu consentimento expreso para a actuación, do que haberá de quedar debida constancia.

## **CAPÍTULO CUARTO. A DÉBEDA TRIBUTARIA**

### **SECCIÓN PRIMEIRA. ELEMENTOS CONSTITUTIVOS.**

#### **ARTIGO 30. BASE IMPOÑIBLE E BASE LIQUIDABLE.**

1. Enténdese por base imponible a magnitude monetaria ou doutra natureza que resulta da medición ou valoración do feito imponible. As ordenanzas fiscais de cada tributo conterán a determinación desta.
2. A base imponible poderá determinarse polos seguintes métodos:
  - a) Estimación directa
  - b) Estimación obxectiva
  - c) Estimación indirecta
3. A determinación das bases tributarias en réxime de estimación directa poderá ser utilizada pola persoa contribuínte e pola Administración e aplicárase servíndose das declaracións ou documentos presentados, ou dos datos consignados en libros e rexistro comprobados administrativamente e os demais documentos, xustificantes e datos que teñan relación cos elementos da obriga tributaria.
4. O método de estimación obxectiva poderase utilizar para determinar a base imponible median-

te a aplicación das magnitudes, índices, módulos ou datos previstos na ordenanza correspondente.

5. Cando a falta de presentación de declaracións ou as presentadas polos suxeitos pasivos non lle permitan á Administración o coñecemento dos datos necesarios para a estimación completa das bases impositibles ou dos rendementos, cando estes ofrezan resistencia, escusa ou negativa á actuación inspectora ou incumpran substancialmente as súas obrigas contables, ou cando desaparezan ou sexan destruídos incluso por causa de forza maior os libros e rexistros contables ou as xustificacións das operacións anotadas neles, as bases ou rendementos determinaranse en réxime de estimación indirecta, utilizando para iso calquera dos seguintes medios:

a) Aplicando os datos e antecedentes dispoñibles que sexan relevantes para o efecto.

b) Utilizando aqueles elementos que indirectamente acrediten a existencia dos bens e das rendas, así como dos ingresos, vendas, custos e rendementos que sexan normais no respectivo sector económico, atendidas as dimensións das unidades produtivas ou familiares que deban compararse en termos tributarios.

c) Valorando os signos, índices ou módulos que se dean nas respectivas persoas contribuíntes, segundo os datos ou antecedentes que se posúan en supostos similares ou equivalentes.

6. En réxime de estimación indirecta de bases tributarias, cando actúe a inspección dos tributos acompañará as actas incoadas para regularizar a situación tributaria aos suxeitos pasivos, retedores ou beneficiarios das desgravacións, co informe razoado sobre:

a) As causas determinantes da aplicación do réxime de estimación indirecta

b) Xustificación dos medios elixidos para a determinación das bases ou rendementos

c) Cálculos e estimacións efectuados en base aos anteriores

As actas incoadas xunto co respectivo informe tramítanse polo procedemento establecido segundo a súa natureza e clase.

No caso de tributos con períodos de liquidación inferior ao ano, aos que se aplique a estimación indirecta, a cota estimada pola inspección de forma anual repartirase linealmente entre os períodos de liquidación correspondentes, salvo que a persoa obrigada tributaria xustifique que procede unha repartición temporal diferente.

Naqueles casos en que non media actuación da Inspección Municipal de Tributos, o órgano xestor competente ditará o acto administrativo de fixación da base e liquidación tributaria que lle deberá notificar á persoa interesada, con expresión dos datos indicados nas letras a), b) e c) do apartado anterior. A aplicación do réxime de estimación indirecta non requirirá o acto administrativo previo que así o declare, sen prexuízo dos recursos e reclamacións que procedan contra os actos e liquidacións resultantes daquel.

7. Enténdese por base liquidable o resultado de practicar, se é o caso, na impositible, as reducións establecidas na lei ou na ordenanza fiscal de cada tributo.

## ARTIGO 31. TIPO DE GRAVAME E COTA TRIBUTARIA.

1. O tipo de gravame é a cifra, coeficiente ou porcentaxe que se aplica á base liquidable para obter

como resultado a cota íntegra. O tipo de gravame poderá ser específico ou porcentual, e deberase aplicar segundo dispoña a correspondente ordenanza fiscal a cada unidade, conxunto de unidades ou tramo da base liquidable.

2. A cota íntegra determinarase:

- a) Aplicando o tipo de gravame á base liquidable.
- b) Da cantidade resultante de aplicar unha tarifa.
- c) Segundo cantidade fixa, sinalada para o efecto na correspondente ordenanza.
- d) Segundo a cantidade resultante da aplicación conxunta dos procedementos sinalados nas letras b) e c).

#### ARTIGO 32. DÉBEDA TRIBUTARIA.

---

1. A débeda tributaria é a cantidade debida polo suxeito pasivo á Facenda municipal, que está constituída pola cota ou cantidade que resulte da obriga tributaria principal ou das obrigas de realizar pagos a conta.

2. Ademais, a débeda tributaria estará integrada, se for o caso, por:

- a) Os xuros de mora
- b) As recargas por declaración extemporánea
- c) As recargas do período executivo
- d) As recargas esixibles legalmente sobre as bases ou as cotas, a favor do Tesouro ou doutros entes públicos

3. As sancións tributarias que se poidan impoñer de acordo co disposto no título IV da Lei 58/2003 xeral tributaria non formarán parte da débeda tributaria, pero na súa recadación aplicaranse as normas incluídas no capítulo V do título III da referida lei.

Sección segunda.

Extinción da débeda.

#### ARTIGO 33. PAGO.

---

O pagamento dos tributos municipais, en canto a medios, modo, forma, prazos e demais extremos que formule, regularase polas normas establecidas no Regulamento xeral de recadación, así como no capítulo sexto desta ordenanza dedicado á xestión recadatoria e nas normas que os complementen ou substitúan.

#### ARTIGO 34. PRESCRICIÓN.

---

Prescribirán aos catro anos os seguintes dereitos:

- a) O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación.

b) O dereito da Administración para esixir o pago das débedas tributarias liquidadas e autoliquidadas.

c) O dereito para solicitar as devolucións derivadas da normativa de cada tributo, as devolucións de ingresos indebidos e o reembolso do custo das garantías.

d) O dereito para obter as devolucións derivadas da normativa de cada tributo, as devolucións de ingresos indebidos e o reembolso do custo das garantías.

#### ARTIGO 35. CÓMPUTO DOS PRAZOS.

---

Os prazos computaranse de acordo co establecido no artigo 67 da Lei 58/2003 xeral tributaria e distinguindo segundo os casos aos que se refire o artigo anterior.

#### ARTIGO 36. INTERRUPCIÓN DA PRESCRICIÓN

---

Os prazos de prescrición interromperanse de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 58/2003.

### CAPÍTULO QUINTO. DA XESTIÓN TRIBUTARIA.

#### SECCIÓN PRIMEIRA. DISPOSICIÓN XERAIS.

#### ARTIGO 37. A XESTIÓN TRIBUTARIA.

---

1. A xestión tributaria municipal consiste no exercicio das funcións administrativas dirixidas a:

a) A recepción e tramitación de declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e demais documentos con transcendencia tributaria.

b) A comprobación e realización das devolucións previstas na normativa tributaria.

c) O recoñecemento e comprobación da procedencia dos beneficios fiscais de acordo coa ordenanza fiscal reguladora de cada tributo.

d) A realización de actuacións de control do cumprimento da obriga de presentar declaracións tributarias e doutras obrigas formais.

e) A realización de actuacións de verificación de datos.

f) A realización de actuacións de comprobación de valores.

g) A realización de actuacións de comprobación limitada.

h) A práctica de liquidacións tributarias derivadas das actuacións de verificación e comprobación realizadas.

i) A emisión de certificados tributarios.

j) A elaboración e mantemento dos censos tributarios.

k) A información e asistencia tributaria.

l) A realización das demais actuacións de aplicación dos tributos non integradas nas funcións de inspección e recadación.

2. As actuacións e o exercicio das funcións ás que se refire o apartado anterior realizaranse de acordo co establecido na Lei xeral tributaria, nas súas normas de desenvolvemento e na presente ordenanza.

#### ARTIGO 38. FORMAS DE INICIACIÓN DA XESTIÓN TRIBUTARIA.

---

1. De acordo co previsto na normativa xeral tributaria, a xestión tributaria iniciárase:
  - a) Por autoliquidación, por comunicación de datos ou por calquera outra clase de declaración.
  - b) Por solicitude da persoa obrigada tributaria, de acordo co previsto no artigo 98 da Lei 58/2003.
  - c) De oficio pola Administración Tributaria
2. Os documentos de iniciación das actuacións e procedementos tributarios deberán incluír, en todo caso, o nome e apelidos ou razón social e o número de identificación fiscal da persoa obrigada tributaria e, se é o caso, da persoa que o represente.
3. A Administración Tributaria Municipal poderá aprobar modelos e sistemas normalizados de autoliquidacións, declaracións, comunicacións, solicitudes ou calquera outro medio previsto na normativa tributaria municipal para os casos en que se produza a tramitación masiva das actuacións e procedementos tributarios.

A Administración Tributaria municipal poñerá a disposición das persoas obrigadas tributarias os modelos mencionados coa máxima transparencia.

4. A Administración Tributaria Municipal poderá determinar os supostos e as condicións nos que as persoas obrigadas tributarias deberán presentar por medios telemáticos as súas declaracións, autoliquidacións, comunicacións, solicitudes e calquera outro documento con transcendencia tributaria, todo iso de acordo co disposto no artigo 96 da Lei 58/2003.

#### ARTIGO 39. DECLARACIÓN TRIBUTARIA.

---

1. Considerarase declaración tributaria todo documento presentado ante a Administración Tributaria municipal onde se recoñeza ou manifieste a realización de calquera feito relevante para a aplicación dos tributos.

A presentación dunha declaración non implica aceptación ou recoñecemento polas persoas obrigadas tributarias da procedencia da obriga tributaria.

2. As opcións que segundo a normativa tributaria se deban exercitar, solicitar ou renunciar coa presentación dunha declaración non se poderán rectificar con posterioridade a ese momento, salvo que a rectificación se presente no período regulamentario de declaración.

#### ARTIGO 40. AUTOLIQUIDACIÓNS.

---

1. As autoliquidacións son declaracións nas que as persoas obrigadas tributarias, ademais de comunicarlle á Administración municipal os datos necesarios para a liquidación do tributo e outros de contido informativo, realizan por si mesmos as operacións de cualificación e cuantificación necesarias para determinar e ingresar o importe da débeda tributaria ou, se é o caso, determinar a cantidade que resulte para devolver ou para compensar.

2. As autoliquidacións presentadas polas persoas obrigadas tributarias poderán ser obxecto de verificación e comprobación pola Administración municipal, que practicará, de ser o caso, a liquidación que proceda.
3. Cando unha persoa obrigada tributaria considere que unha autoliquidación prexudicou de calquera modo os seus intereses lexítimos, poderá instar a rectificación da devandita autoliquidación.

Cando a rectificación dunha autoliquidación orixine unha devolución derivada da normativa do tributo e transcorresen seis meses sen que se ordenase o pago por causa imputable á Administración Tributaria Municipal, esta aboará os xuros de mora do artigo 26 da Lei 58/2003 sobre o importe da devolución que proceda, sen necesidade de que a persoa obrigada o solicite. Para estes efectos, o prazo de seis meses comezará a contarse a partir da finalización do prazo para presentar a autoliquidación ou, se este concluíse, a partir da presentación da solicitude de rectificación.

Cando a rectificación dunha autoliquidación orixine a devolución dun ingreso indebido, a Administración Tributaria municipal aboará os xuros de mora nos termos sinalados no apartado 2 do artigo 32 da Lei 58/2003.

#### ARTIGO 41. PRESENTACIÓN DE DECLARACIÓNS E AUTOLIQUIDACIÓNS.

---

Será obrigatoria a presentación de declaración ou autoliquidación nos supostos e dentro dos prazos determinados en cada ordenanza fiscal particular, e, en xeral, dentro do mes natural seguinte a aquel en que se produza o feito impoñible.

#### ARTIGO 42. COMUNICACIÓN DE DATOS.

---

Considérase comunicación de datos a declaración presentada pola persoa obrigada tributaria ante a Administración municipal para que esta determine a cantidade que, se é o caso, resulte a devolver. Entenderase solicitada a devolución mediante a presentación da citada comunicación.

#### ARTIGO 43. DECLARACIÓNS, AUTOLIQUIDACIÓNS E COMUNICACIÓNS COMPLEMENTARIAS OU SUBSTITUTIVAS.

---

1. As persoas obrigadas tributarias poderán presentar autoliquidacións complementarias, ou declaracións ou comunicacións complementarias ou substitutivas, dentro do prazo establecido para a súa presentación ou con posterioridade á finalización do devandito prazo, sempre que non prescribise o dereito da Administración para determinar a débeda tributaria. Neste último caso terán o carácter de extemporáneas.
2. As autoliquidacións complementarias terán como finalidade completar ou modificar as presentadas con anterioridade e poderanse presentar cando delas resulte un importe para ingresar superior ao da autoliquidación anterior ou unha cantidade para devolver ou a compensar inferior á anteriormente autoliquidada.

Maia o disposto no parágrafo anterior e salvo que especificamente se estableza outra cousa, cando con posterioridade á aplicación dunha exención, dedución ou incentivo fiscal se produza a perda do dereito á súa aplicación por incumprimento dos requisitos a que estivese condicionado, a persoa obrigada tributario deberá incluír na autoliquidación correspondente ao período impositivo en que se produciría o incumprimento, a cota ou cantidade derivada da exención, dedución ou incentivo fiscal aplicado de forma indebida nos períodos impositivos anteriores, xunto cos xuros de mora.



3. As persoas obrigadas tributarias poderán presentar declaracións ou comunicacións de datos complementarias ou substitutivas, facendo constar se se trata dunha ou outra modalidade, coa finalidade de completar ou substituír as presentadas con anterioridade.

#### ARTIGO 44. CONSULTAS TRIBUTARIAS ESCRITAS.

---

1. As persoas obrigadas poderán formularlle á Administración Tributaria municipal consultas respecto ao réxime, a clasificación ou a cualificación tributaria que en cada caso lles corresponda.
2. As consultas tributarias escritas formularanse antes da finalización do prazo establecido para o exercicio dos dereitos, a presentación de declaracións ou autoliquidacións ou o cumprimento doutras obrigas tributarias.
3. Así mesmo, poderán formular consultas tributarias os colexios profesionais, cámaras oficiais, organizacións patronais, sindicatos, asociacións de consumidores e consumidoras, asociacións ou fundacións que representen intereses de persoas con discapacidade, asociacións empresariais e organizacións profesionais, así como as federacións que agrupen os organismos ou entidades antes mencionados, cando se refiran a cuestións que afecten á xeneralidade dos seus membros ou asociados.
4. As consultas serán formuladas polas persoas obrigadas tributarias mediante un escrito dirixido ao órgano competente para a súa contestación, que deberá conter como mínimo:
  - a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal da persoa obrigada tributaria e, se é o caso, da persoa que a representante.
  - b) Manifestación expresa de se no momento de presentar o escrito se está a tramitar ou non un procedemento, recurso ou reclamación económico-administrativa relacionado co réxime, clasificación ou cualificación tributaria que lle corresponda exposto na consulta, salvo que esta sexa formulada polas entidades ás que se refire o apartado 3 precedente.
  - c) Obxecto da consulta
  - d) En relación coa cuestión exposta na consulta, expresaranse con claridade e coa extensión necesaria os antecedentes e circunstancias do caso.
  - e) Lugar, data e sinatura ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio válido en dereito.
5. As consultas poderanse presentar utilizando medios electrónicos, informáticos ou telemáticos sempre que a identificación quede garantida mediante unha sinatura electrónica recoñecida pola Administración.

Poderán presentarse en papel os demais datos, elementos e documentos que poidan contribuir á formación de xuízo por parte da Administración tributaria.
6. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos, serán requiridos á persoa obrigada tributaria ou as entidades ás que se refire o apartado 3 deste artigo, para que, nun prazo de 10 días, que se contarán a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, emenden o defecto, coa indicación de que de non atender o requirimento no prazo sinalado terase por desistido da consulta e arquivarase sen máis trámite.

Se a consulta se formulase despois da finalización dos prazos establecidos para o exercicio do dereito para a presentación da declaración ou autoliquidación ou para o cumprimento da obriga tributaria, procederase á súa inadmisión e comunicáraselle esta circunstancia ao obrigado tributario.

7. A Administración tributaria arquivará, con notificación á persoa interesada ou á interesada, as consultas que non reúnan os requisitos establecidos en virtude do apartado 4 deste artigo e non sexan emendadas por requirimento da Administración.
8. A competencia para contestar as consultas corresponderalle á Xunta de Goberno local, sen prexuízo da posibilidade da súa delegación ao abeiro do art. 127.2 da LBRL, que deberá contestar por escrito as consultas que reúnan os requisitos establecidos no prazo máximo de seis meses desde a súa presentación. A falta de contestación no devandito prazo non implicará a aceptación dos criterios expresados no escrito da consulta.
9. A contestación ás consultas tributarias escritas terá efectos vinculantes nos termos previstos no artigo 89 da Lei xeral tributaria para os órganos e entidades da Administración municipal encargados da aplicación dos tributos na súa relación co consultante.

#### ARTIGO 45. NOTIFICACIÓNS EN MATERIA TRIBUTARIA.

---

1. Con carácter xeral, o réxime de notificacións será o previsto nas normas administrativas xerais e de actuación e funcionamento por medios electrónicos, coas especialidades establecidas na Lei xeral tributaria e nas demais normas reguladoras dos tributos no ámbito local.
2. Nos tributos de cobranza periódica por recibo, unha vez notificada a liquidación correspondente á alta no respectivo rexistro, padrón ou matrícula, poderán notificarse colectivamente as sucesivas liquidacións, mediante edictos que así o advirtan.

A exposición ao público realizarase no lugar indicado no anuncio da exposición. Do lugar de exposición, en todo caso, deixárase constancia, durante o tempo en que estea exposto, no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello da Coruña.

3. O aumento de base impoñible sobre a resultante das declaracións deberáselle notificar individualmente á persoa contribuínte coa expresión concreta dos feitos e elementos adicionais que o motiven, excepto cando a modificación proveña de revalorizacións de carácter xeral autorizadas polas leis.

#### ARTIGO 46. NOTIFICACIÓNS A PERSOAS FALECIDAS.

---

Se no momento de entregarse a notificación se tivese coñecemento do falecemento ou da extinción da personalidade xurídica da persoa obrigada tributaria, deberá facerse constar esta circunstancia e deberá ser comprobado tal extremo pola Administración Tributaria municipal.

Nestes casos, cando a notificación se refira á resolución que pon fin ao procedemento, esta actuación será considerada como un intento de notificación válido só para os efectos de entender cumprida a obriga de notificar dentro do prazo máximo de duración dos procedementos, aínda que se lles deberá efectuar a notificación aos sucesores ou sucesoras da persoa obrigada tributaria que consten con tal condición no expediente.

#### ARTIGO 47. NOTIFICACIÓN POR COMPARECENCIA.

---

1. De conformidade co disposto no artigo 112 da Lei xeral tributaria, cando non sexa posible

efectuarlle a notificación á persoa interesada ou á persoa que o represente por causas non imputables á Administración tributaria, e tentada polo menos dúas veces no domicilio fiscal ou no designado polo interesado se se trata dun procedemento iniciado por solicitude deste, faranse constar no expediente as circunstancias dos intentos de notificación. Será suficiente un só intento cando a persoa destinataria conste como descoñecida no devandito domicilio ou lugar.

Neste suposto citarase á persoa interesada ou á persoa que o represente para seren notificadas por comparecencia por medio de anuncios que se publicarán, por unha soa vez para cada interesado, no Boletín Oficial do Estado. Esta publicación efectuarase os luns, mércores e venres de cada semana. Estes anuncios poderanse expoñer así mesmo na oficina da Administración tributaria correspondente ao último domicilio fiscal coñecido. No caso de que o último domicilio coñecido radicase no estranxeiro, o anuncio poderase expoñer no consulado ou sección consular da embaixada correspondente.

2. Na publicación constará a relación de notificacións pendentes con indicación da persoa obrigada tributaria ou a persoa que o represente, o procedemento que as motiva, o órgano competente da súa tramitación e o lugar e prazo en que o destinatario destas deberá comparecer para ser notificada.

En todo caso, a comparecencia deberase producir no prazo de 15 días naturais, que se contarán desde o seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial do Estado. Transcorrido este prazo sen comparecer, a notificación entenderase producida para todos os efectos legais o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado.

#### ARTIGO 48. CONSULTAS DE ANUNCIOS NA SEDE ELECTRÓNICA MUNICIPAL.

---

A Administración Tributaria municipal, a través da sede electrónica do Concello da Coruña, facilitará a consulta dos anuncios publicados nos boletíns oficiais, en relación coas notificacións por comparecencia derivadas de procedemento tributarios municipais instruídos no exercicio das súas competencias.

As Oficinas de Atención a cidadanía do Concello da Coruña facilitarán o acceso á sede electrónica para esta consulta pública dos anuncios publicados nos boletíns oficiais.

En todo caso, os anuncios na sede electrónica, almacenados a modo de consulta, deberán ser susceptibles de impresión e de fácil exportación a outras aplicacións de xestión tributaria.

#### ARTIGO 49. OBRIGA DE RESOLVER, PRAZO DE RESOLUCIÓN E EFECTO DA FALTA DE RESOLUCIÓN EXPRESA.

---

1. Nos procedementos para a aplicación dos tributos, a Administración Tributaria municipal está obrigada a emitir resolución expresa nos prazos e cos efectos previstos nos artigos 103 e 104 da Lei 58/2003 xeral tributaria e na normativa reguladora de cada procedemento.
2. Os prazos para emitir resolución expresa interromperanse polo tempo durante o cal se realice calquera trámite noutra Administración pública.
3. Nos procedementos iniciados a instancia de parte para o recoñecemento ou concesión de beneficios fiscais, a falta de resolución expresa no prazo establecido terá efecto desestimatorio, sen prexuízo da obriga da Administración de emitir resolución expresa.

## ARTIGO 50. COMPROBACIÓN E INVESTIGACIÓN.

1. A Administración Tributaria municipal poderá comprobar e investigar os feitos, actos, elementos, actividades, explotacións, valores e demais circunstancias determinantes da obriga tributaria para verificar o correcto cumprimento das normas aplicables para o efecto.
2. No desenvolvemento das funcións de comprobación ou investigación, a Administración municipal cualificará os feitos, actos ou negocios realizados polas persoas obrigadas tributarias con independencia da previa cualificación que este lles dese a eles.
3. Os actos de concesión ou recoñecemento de beneficios fiscais que estean condicionados ao cumprimento de certas condicións futuras ou á efectiva concorrencia de determinados requisitos non comprobados no procedemento en que se ditaron, terán carácter provisional.

A Administración Tributaria Municipal poderá comprobar, nun posterior procedemento de aplicación dos tributos, a concorrencia de tales condicións ou requisitos e, se for o caso, regular a situación tributaria do/a obrigado/a sen necesidade de proceder á previa revisión dos devanditos actos provisionais, conforme ao disposto no título V da Lei xeral tributaria.

## ARTIGO 51. OBRIGAS DE INFORMACIÓN E COLABORACIÓN SOCIAL.

1. As persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, así como as entidades mencionadas no artigo 35.4 da Lei 58/2003 xeral tributaria, estarán obrigadas a proporcionarlle á Administración Tributaria municipal toda clase de datos, informes, antecedentes e xustificantes con transcendencia tributaria relacionados co cumprimento das súas propias obrigas tributarias ou deducidos das súas relacións económicas, profesionais ou financeiras con outras persoas, de acordo co artigo 93 da devandita lei.

Os datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración Tributaria municipal no desempeño das súas funcións teñen carácter reservado e só poderán ser utilizados para a efectiva aplicación dos tributos ou recursos cuxa xestión teña encomendada e para a imposición das sancións que procedan, sen que poidan ser comunicados ou cedidos a terceiras persoas, salvo nos supostos previstos no artigo 95.1 da Lei xeral tributaria.

2. As autoridades e titulares dos órganos tributarios municipais están sometidas ao deber de información e colaboración, de acordo co disposto no artigo 94 da Lei xeral tributaria.
3. As persoas interesadas poderán colaborar na aplicación dos tributos nos aspectos, termos e condicións a que se refire o artigo 92 da Lei xeral tributaria.
4. Correspóndelle á concellería delegada con competencias en materia tributaria impulsar a realización de acordos con outras administracións públicas, con entidades privadas ou con entidades ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais, con especial atención á simplificación do cumprimento de obrigas tributarias.

## ARTIGO 52. DENUNCIA PÚBLICA.

1. Mediante a denuncia pública poderanse poñer en coñecemento da Administración Tributaria municipal feitos ou situacións que poidan ser constitutivos de infraccións tributarias ou teren transcendencia para a aplicación dos tributos municipais. A denuncia pública é independente do deber de colaborar coa Administración tributaria previsto no artigo 51 desta ordenanza, nos termos regulados no artigo 114 da Lei xeral tributaria.

2. Non se considerará a persoa denunciante como interesado nas actuacións administrativas que se inicien como consecuencia da denuncia nin será informado do resultado destas.  
Tampouco estará lexitimado ou lexitimada para interpoñer recursos ou reclamacións en relación cos resultados das devanditas actuacións.

#### ARTIGO 53. UTILIZACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS E PROTECCIÓN DE DATOS.

---

1. A Administración Tributaria municipal impulsará a utilización das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos no desenvolvemento das súas actividades e nas relacións coas persoas contribuíntes, no marco da Ordenanza reguladora da administración dixital do Concello da Coruña (BOP do 16 de xuño de 2023), asegurando a dispoñibilidade, o acceso, a integridade, a autenticidade, a confidencialidade e a conservación dos datos, informacións e servizos que xestione no exercicio das súas competencias.

En todo caso, a Administración Tributaria Municipal prestará a necesaria asistencia ás persoas físicas que, non estando obrigadas a relacionárense electronicamente coas administracións públicas conforme á lei, precisen esta asistencia, co obxecto de que non se produza ningunha "fenda dixital" nin outra clase de prexuízo nas relacións tributarias das persoas contribuíntes co Concello da Coruña.

#### ARTIGO 54. VALIDEZ DOS DOCUMENTOS E DAS COPIAS.

---

Os documentos emitidos polos órganos tributarios municipais que fosen producidos mediante sistemas electrónicos, informáticos e telemáticos en soportes de calquera natureza, ou os que estes órganos remitan como copias de orixinais almacenados por estes mesmos medios, así como as imaxes electrónicas dos documentos orixinais ou as súas copias, teñen a mesma validez e eficacia que os documentos orixinais, sempre que quede asegurada a súa integridade, conservación, a autenticidade da súa vontade mediante sistemas de identificación e verificación adecuados e, se procede, a recepción por parte da persoa interesada.

#### ARTIGO 55. LIQUIDACIÓN.

---

1. A liquidación tributaria é o acto resolutorio mediante o cal o órgano competente da Administración municipal realiza as operacións de cuantificación necesarias e determina o importe da débeda tributaria ou da cantidade que, se é o caso, resulte para devolver ou para compensar de acordo coa normativa tributaria.

A Administración Tributaria municipal non estará obrigada a axustar as liquidacións aos datos consignados polas persoas obrigadas tributarias nas autoliquidacións, declaracións, comunicacións, solicitudes ou calquera outro documento.

2. As liquidacións tributarias serán provisionais ou definitivas.

a) Terán a consideración de definitivas:

- As efectuadas no procedemento inspector logo da comprobación e investigación da totalidade dos elementos da obriga tributaria, salvo o disposto no artigo 101.4 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

- As demais ás que a normativa tributaria lles outorgue tal carácter.

b) Nos demais casos, as liquidacións tributarias terán o carácter de provisionais.

3. A Administración Tributaria municipal poderá acordar os supostos nos que, por razóns de

eficacia e economía na xestión, non se expedirán documentos de cobranza respecto daquelas débedas cuxa exacción implique custos superiores ao seu importe, logo da solicitude e informe previos respecto diso por parte do órgano de xestión recadatoria.

#### ARTIGO 56. NOTIFICACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS.

---

1. As liquidacións deberán serlles notificadas as persoas obrigadas tributarias nos termos previstos na sección 3.ª do capítulo II do título III da Lei 58/2003.
2. As liquidacións notificaranse e contarán cos seguintes datos:
  - a) A identificación da persoa obrigada tributaria
  - b) Os elementos determinantes da contía da débeda tributaria
  - c) A súa motivación cando non se axusten aos datos consignados polas persoas obrigadas tributarias ou á aplicación ou interpretación da normativa realizada por el, con expresión dos feitos e elementos esenciais que as orixinen, así como dos fundamentos de dereito.
  - d) Os medios de impugnación que poidan ser exercidos, órgano ante o que teñan que ser presentados e prazo para a súa interposición.
  - e) O lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.
  - f) O seu carácter de provisional ou definitiva

#### ARTIGO 57. MATRÍCULA.

---

1. Anualmente a Administración Tributaria municipal procederá a confeccionar, á vista dos censos ou padróns remitidos por outros organismos públicos, das declaracións das persoas interesadas e dos datos facilitados pola Inspección Tributaria, as correspondentes matrículas fiscais, que son as relacións de contribuíntes nas que figura o feito impositivo con expresión da débeda tributaria, conforme á correspondente ordenanza fiscal específica.
2. As matrículas de contribuíntes constituirán o documento fiscal ao que se teñen que referir as listas, recibos e outros documentos cobratorios para percibir o tributo pertinente.

### SECCIÓN SEGUNDA. PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

#### ARTIGO 58. PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

---

1. Son procedementos de xestión tributaria, que se aplicarán conforme ao previsto na Lei xeral tributaria, os seguintes:
  - a) O procedemento de devolución iniciado mediante autoliquidación, solicitude ou comunicación de datos
  - b) O procedemento iniciado mediante declaración
  - c) O procedemento de verificación de datos
  - d) O procedemento de comprobación de valores
  - e) O procedemento de comprobación limitada

2. Ademais tamén son procedementos de xestión tributaria:
  - a) A petición de certificados
  - b) O procedemento para a declaración de conflito en aplicación da norma tributaria
  - c) Procedemento para a confección e aprobación de padróns para a cobranza de tributos periódicos

#### ARTIGO 59. PETICIÓNS DE CERTIFICADOS.

---

1. Os certificados dos actos ou resolucións da Xunta de Goberno Local e dos acordos dos demais órganos colexiados decisorios, así como dos antecedentes, libros e documentos relativos á xestión tributaria serán expedidos pola secretaría correspondente. A comprobación dos datos e a redacción do documento correspóndelle á unidade xestora, que acreditará que o certificado foi expedido polo funcionariado correspondente e seguindo o procedemento establecido. Igualmente comprobará que o contido do certificado corresponde coa petición e que esta se fixo por persoa ou entidade lexitimada para o efecto.

O funcionariado que expidan os certificados comprobará que se satisfixeron as taxas correspondentes.

2. Cando non proceda a expedición do certificado por non estar acreditada a personalidade e lexitimidade da persoa peticionaria, por non existir datos ou outra circunstancia, a xefatura da dependencia encargada da súa emisión comunicarllo a aquela para que manifieste o que estime conveniente ou renuncie ao solicitado. Neste caso, procederase a devolver o importe da taxa que se ingresara. Se mantén a súa petición e non se estima posible a emisión do documento, denegarase mediante a resolución motivada da Xunta de Goberno Local.
3. Aquelas peticións de certificados que soliciten datos que figuren en varias áreas de xestión municipal serán elaborados por aquela á que lle afecte máis directamente, baseándose en informes emitidos polas outras.

#### ARTIGO 60. CONFLITO EN APLICACIÓN DA NORMA TRIBUTARIA.

---

1. Entenderase que existe conflito na aplicación da norma tributaria cando se evite total ou parcialmente a realización do feito imponible ou se minore a base ou a débeda tributaria mediante actos ou negocios nos que concorran as seguintes circunstancias:

a) Que, individualmente considerados ou no seu conxunto, sexan notoriamente artificiosos ou impropios para a consecución do resultado obtido.

b) Que da súa utilización non resulten efectos xurídicos ou económicos relevantes, distintos do aforro fiscal e dos efectos que se obtivesen cos actos ou negocios usuais ou propios.

2. O expediente para declarar conflito en aplicación da débeda tributaria iniciárase mediante moción razoada do departamento de Facenda ou da Inspección Tributaria. Corresponderalle á Xunta de Goberno Local ou concelleiro/a en quen delegue, ditar a resolución pola que se inicia o expediente, que se lle notificará á persoa interesada e concederlle un prazo de 15 días para presentar alegacións e achegar ou propoñer as probas que estime procedentes.

Para que a Administración municipal poida declarar o conflito na aplicación da norma tributaria será necesario o informe favorable previo da comisión consultiva a que se refire o artigo 159 da LXT.

3. Nas liquidacións que se realicen como resultado do disposto neste artigo esixírase o tributo aplicando a norma que correspondese aos actos ou negocios usuais ou propios ou eliminando

as vantaxes fiscais obtidas, e liquidaranse xuros de mora, sen que proceda a imposición de sancións.

#### ARTIGO 61. PROCEDIMENTO PARA A CONFECCIÓN E APROBACIÓN DE PADRÓNS PARA A COBRANZA DE TRIBUTOS PERIÓDICOS.

1. Nos casos en que así se determine na propia ordenanza do tributo, a Administración municipal procederá a confeccionar, á vista das declaracións das persoas interesadas, os datos dos que teña coñecemento e os resultantes da inspección administrativa, os correspondentes padróns ou matrículas das persoas obrigadas tributarias, que terán a consideración de rexistro permanente e público e que se conservarán a través de calquera procedemento que o concello estableza.

Poderanse confeccionar matrículas ou padróns comprensivos de diversos tributos.

2. A publicación dos padróns realizarase a través da súa consulta directa nos períodos de exposición pública fixados para o efecto e a través da emisión de informes e certificados do seu contido, os cales non se poderán expedir, cando se refiran aos datos persoais das persoas obrigadas tributarias, salvo que se conte coa autorización destes ou se soliciten pola autoridade xudicial ou no ámbito da colaboración entre as administracións públicas.
3. Unha vez constituída a matrícula ou padrón, todas as altas, baixas e alteracións que no mesmo teñan lugar deberán ser aprobadas en virtude de acto administrativo, susceptible de ser obxecto de reclamación ou recurso.
4. As persoas obrigadas tributarias estarán obrigadas a poñer en coñecemento da Administración municipal, dentro do mes natural seguinte a aquel en que se produza, todas as modificacións sobrevidas que poidan orixinar alta, baixa ou alteración no padrón. Se as leis reguladoras ou as ordenanzas particulares non establecesen outro prazo, as alteracións e baixas nos tributos periódicos producirán efectos o primeiro día do período impositivo seguinte á data da súa presentación. Non será necesario declarar as alteracións de elementos tributarios que non alteren a cota tributaria.
5. O Concello poderá non notificar expresamente as variacións derivadas de declaracións formuladas polas persoas obrigadas tributarias sempre que a alteración introducida no Padrón se corresponda exactamente co contido da devandita declaración.

As ordenanzas poderán sinalar os supostos en que non será preceptiva a notificación expresa dos cambios introducidos no Padrón sempre que así se lle advirta por escrito á persoa que presente a declaración, documento ou parte de alta.

6. Os padróns ou matrículas que inclúan tributos de cobranza periódica serán aprobados para cada período impositivo por resolución da Xunta de Goberno Local.
7. O padrón ou matrícula aprobado expoñerase ao público mediante un edicto que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello, para que as persoas interesadas poidan examinalo e formular as alegacións ou presentar os recursos que estimen pertinentes.



## CAPÍTULO SEXTO. DA XESTIÓN RECADATORIA

### SECCIÓN PRIMEIRA. DISPOSICIÓNS XERAIS.

#### ARTIGO 62. COMPETENCIA MUNICIPAL.

1. A presente ordenanza contén as normas aplicables ao exercicio das competencias do Concello da Coruña en materia de recadación, en canto este exerza directamente esta función.
2. En todo o non expresamente regulado nesta ordenanza rexerá o previsto nas normas referidas nos artigos 1º e 64º da mesma.

#### ARTIGO 63. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Esta ordenanza aplicarase en todo o termo municipal da Coruña desde a súa entrada en vigor ata a súa derogación ou modificación. Así mesmo, queda sometida ás súas normas a xestión recadatoria de créditos e dereitos de titularidade municipal derivados da prestación de servizos fóra do termo municipal e aqueles que se xeren como consecuencia da prestación de servizos en réxime de mancomunidade, sempre que, segundo os estatutos correspondentes, lle corresponda percibir o seu importe ao Concello da Coruña.

#### ARTIGO 64. RÉXIME LEGAL.

A xestión recadatoria municipal rexerase:

- a) Pola Lei xeral tributaria e as súas normas de desenvolvemento, incluídos o Regulamento xeral de recadación aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, e o Regulamento de desenvolvemento da Lei 58/2003 en materia de revisión en vía administrativa, aprobado polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio.
- b) Polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- c) Pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.
- d) Polos tratados, acordos, convenios e demais normas internacionais ou emanadas de entidades internacionais-supranacionais, aplicables á devandita xestión.
- e) Pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e demais leis da Comunidade Autónoma de Galicia no marco e de conformidade coa lexislación a que se refren os apartados anteriores.
- f) Pola presente ordenanza e as súas normas de desenvolvemento.
- g) Polas ordenanzas reguladoras dos tributos e demais recursos obxecto da xestión recadatoria.

## **SECCIÓN SEGUNDA. DA XESTIÓN RECADATORIA.**

### **ARTIGO 65. DISPOSICIÓN XERAIS.**

1. A xestión recadatoria consiste no exercicio da función administrativa conducente á cobranza dos créditos tributarios e demais recursos de natureza pública de titularidade do concello.
2. O procedemento recadatorio será exclusivamente administrativo e constará de dous períodos: voluntario e executivo.
3. No período voluntario as persoas obrigadas ao pago farán efectivas as súas débedas dentro dos prazos sinalados no artigo 79 desta ordenanza.
4. En período executivo, a recadación efectuarase coercitivamente, por vía de prema sobre o patrimonio da persoa obrigada que non cumprise a obriga ao seu cargo en período voluntario.

### **ARTIGO 66. COMPETENCIA.**

A xestión recadatoria é da exclusiva competencia do concello, atribúese aos órganos que se sinalan nesta ordenanza e realízase de acordo coas súas normas e o disposto no artigo 64 anterior.

## **SECCIÓN TERCEIRA. ÓRGANOS RECADADORES.**

### **ARTIGO 67. ENUMERACIÓN.**

1. Conforme ao disposto no artigo 8 do Regulamento Xeral de Recadación (Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo) e nos artigos 135 e 137 do Regulamento Orgánico Municipal, son órganos de Recadación do Concello da Coruña, a Tesouraría Xeral Municipal e, no seu caso as caixas habilitadas para o efecto con carácter excepcional noutros servizos municipais.
2. Son colaboradoras na recadación as entidades de depósito autorizadas para exercer a devandita colaboración. O concello poderalles conferir a condición de colaboradoras a outras entidades e agrupacións de contribuíntes. A autorización conferida a estas entidades en ningún caso lles atribuirá o carácter de órganos de recadación municipal.
3. Sen prexuízo en todo caso das competencias propias do Pleno, da Alcaldía e da Xunta de Goberno Local, a Tesouraría Xeral Municipal ten as atribucións a que fai referencia o artigo seguinte.

### **ARTIGO 68. ATRIBUCIÓN DA PERSOA TITULAR DA TESOURARÍA XERAL.**

Correspóndenlle á Tesouraría Xeral, de conformidade co disposto no R.D. 128/2018, do 16 de marzo e art. 135 do Regulamento orgánico municipal, e en relación coa recadación dos recursos de dereito público de titularidade municipal, as seguintes funcións:

1. A función de tesourería que comprende, entre outras, a titularidade e dirección do órgano correspondente da Entidade Local e o manexo e custodia de fondos, valores e efectos da Entidade Local, de conformidade co establecido nas disposicións legais vixentes.
2. A función de recadación que comprende:
  - a) A xefatura dos servizos de recadación.

- b) O impulso e dirección dos procedementos de xestión e recadación.
- c) A autorización dos pregos de cargo de valores que se entreguen aos recadadores, axentes executivos e xefes de unidades administrativas de recadación, así como a entrega e recepción de valores a outros entes públicos colaboradores na recadación.
- d) Ditar a providencia de prema nos expedientes administrativos de este carácter e, en todo caso, resolver os recursos contra a mesma e autorizar a poxa de bens embargados.
- e) A tramitación dos expedientes de responsabilidade que procedan na xestión recadadora.

A persoa titular da Tesouraría Xeral, no exercicio da xefatura dos servizos de recadación, establecerá as funcións e tarefas propias da xestión recadadora cuxa responsabilidade corresponde ao xefe de servizo de tesouraría e recadación e ao xefe de departamento de recadación, dentro do marco das funcións e atribucións que teñen recoñecidas estes postos na Relación de postos de Traballo.

De conformidade co previsto no artigo 44 e 45 do Regulamento Xeral de Recadación e no artigo 135 do Regulamento orgánico municipal, correspóndelle á persoa titular da Tesouraría Xeral a concesión de aprazamentos e fraccionamentos cando a débeda global para aprazar ou fraccionar sexa igual ou inferior a 30.000,00 euros. Esta contía poderá ser modificada por acordo da Xunta de Goberno Local.

## **SECCIÓN CUARTA. O PAGO.**

### **ARTIGO 69. LEXITIMACIÓN, LUGAR DE PAGO E FORMA DE PAGO.**

1. Pode efectuar o pago, en período voluntario ou período executivo, calquera persoa, teña ou non interese no cumprimento da obriga, que o coñeza e o aprobe, ou que o ignore á persoa obrigada ao pago.

O terceiro ou terceira que pague a débeda non estará lexitimado para exercer ante o concello os dereitos que lle corresponden ao obrigado ao pago.

2. O pago das débedas poderase realizar na Caixa Municipal, nas entidades que, se é o caso, presten o servizo de caixa, nas entidades colaboradoras e demais persoas ou entidades autorizadas para recibir o pagamento, directamente ou por vía telemática, cando así estea previsto na normativa vixente.
3. Os pagamentos realizados a órganos non competentes para recibilos ou a persoas non autorizadas para iso non liberarán á persoa debedora da súa obriga de pago, sen prexuízo das responsabilidades de todo orde en que incorra o perceptor ou perceptora que admita indebidamente o pago.
4. O pago das débedas poderá realizarse en efectivo, mediante efectos timbrados e en especie.

### **ARTIGO 70. MEDIOS E MOMENTO DO PAGO EN EFECTIVO.**

1. O pago das débedas e sancións tributarias que se deba realizar en efectivo poderase facer sempre en diñeiro de curso legal.

Así mesmo, poderase realizar por algún dos seguintes medios, cos requisitos e condicións

que para cada un deles se establecen nesta ordenanza e seguindo os procedementos que se dispoñan en cada caso:

- a) Cheque
- b) Tarxeta de crédito e débito
- c) Transferencia bancaria
- d) Domiciliación bancaria.
- e) Xiro postal
- f) Calquera outro que autorice o ministerio con competencias na materia.

Será admisible o pago por transferencia bancaria naqueles casos nos que así se estableza expresamente nunha norma tributaria.

- 2. O pago en efectivo das débedas non tributarias efectuarase polos medios que autorice a súa propia normativa. Se non se dispuxo regra especial, o pagamento deberase realizar polos medios citados no apartado 1, excepto os parágrafos b e c, que requirirán regulación expresa.
- 3. Enténdese pagada en efectivo unha débeda cando se realízase o ingreso do seu importe na Caixa Municipal, entidades colaboradoras, entidades que presten o servizo de caixa ou demais persoas ou entidades autorizadas para recibiren o pago.
- 4. Cando o pago se realice a través de entidades de crédito ou outras persoas autorizadas, a entrega á persoa debedora do xustificante de ingreso liberará a esta desde a data que se consigne no xustificante e polo importe que figure nel, e quedará obrigada a entidade de crédito ou persoa autorizada fronte á Facenda municipal dende ese momento e polo devandito importe, salvo que se puidese probar fidedignamente a inexactitude da data ou do importe que conste na validación do xustificante.
- 5. As ordes de pago dadas pola persoa debedora ás entidades de crédito ou outras persoas autorizadas para recibir o pago non producirán por si soas efectos fronte ao concello, sen prexuízo das accións que lle correspondan ao ordenante fronte á entidade ou persoa responsable do incumprimento.

#### ARTIGO 71. PAGO MEDIANTE CHEQUE.

Os pagos que se deban efectuar nas caixas municipais poderanse efectuar mediante cheque, que deberá reunir, ademais dos requisitos xerais esixidos pola lexislación mercantil, os seguintes:

- a) Ser nominativo a favor do Concello da Coruña e expedido contra un banco ou caixa de aforros da cidade.
- b) Estar datado no mesmo día ou nos dous anteriores a aquel en que se efectuase a entrega.
- c) Estar conformado ou certificado pola entidade librada.
- d) O nome ou razón social do librador/a, que se expresará debaixo da sinatura con toda claridade. Cando estea redactado por pola persoa apoderada figurará na antesignatura o nome completo do/da titular da conta corrente.

A entrega do cheque liberará a persoa obrigada ao pago polo importe satisfeito, cando sexa feito efectivo. En tal caso, producirá efecto desde a data en que tivese entrada na caixa correspondente.

#### ARTIGO 72. PAGO MEDIANTE TARXETA DE CRÉDITO E DÉBITO.

- 1. Será admisible o pago mediante tarxetas de crédito e débito ante a Caixa Municipal e as entidades de crédito que, de ser o caso, presten o servizo de caixa, sempre que a tarxeta para utilizar estea incluída entre as que, para tal fin, sexan admitidas en cada momento polo concello e estas entidades.

2. O límite dos pagos que se vaian realizar virá determinado polo asignado pola entidade emisora individualmente a cada tarxeta e que, en ningún caso, poderá superar a cantidade que se estableza na orde do ministerio competente na materia, correspondente por cada documento de ingreso, e non se poderá compaxinar, para un mesmo documento de ingreso, con calquera outro dos medios de pago admitidos.
3. Os importes ingresados polas persoas obrigadas ao pagamento a través de tarxetas de crédito e débito non poderán ser minorados como consecuencia de descontos na utilización de tales tarxetas ou por calquera outro motivo.
4. A utilización deste medio de pago por vía telemática aterase ao disposto no art. 76 desta ordenanza.

#### ARTIGO 73. PAGO MEDIANTE TRANSFERENCIA BANCARIA.

---

Cando así se indique na notificación, os pagos en efectivo poderán efectuarse mediante transferencia bancaria. O mandato da transferencia será por importe igual ao da débeda, terá que expresar o concepto tributario concreto ao que corresponda o ingreso, e conter o pertinente detalle cando o ingreso se refira e se teña que aplicar a varios conceptos.

Simultaneamente ao mandato de transferencia as persoas contribuíntes enviaranlle ao órgano recadador as declaracións a que este lle correspondan e as cédulas de notificación expresando a data da transferencia, o seu importe e o banco ou caixa de aforros utilizado na operación. Os ingresos efectuados mediante transferencia entenderanse efectuados na data na que teñan entrada nas contas municipais ou, se fose o caso, na entidade que preste o servizo de caixa. Os gastos de transferencia, se os houbese, serán a cargo do/da ordenante.

#### ARTIGO 74. PAGO MEDIANTE DOMICILIACIÓN BANCARIA.

---

1. A domiciliación bancaria deberase axustar aos requisitos seguintes:
  - a) Que a persoa obrigada ao pago sexa titular da conta en que domicilie o pago e que esta conta estea aberta en calquera entidade financeira europea da zona única de pagos (SEPA).

O pago poderá domiciliarse nunha conta que non sexa de titularidade da persoa obrigada, sempre que o titular da devandita conta autorice a domiciliación.
  - b) Que a persoa obrigada ao pago lle comunique a súa orde de domiciliación á Tesourería Xeral segundo os procedementos que se establezan en cada caso. A persoa ordenante poderá autorizar expresamente na súa solicitude que o seu débito se estenda a calquera liquidación que polo concepto ou conceptos que sinala se lle envíe no futuro.
2. Os pagos entenderanse realizados na data de cargo en conta das devanditas domiciliacións, e considerarase xustificante do ingreso o que para ese efecto expida a entidade de depósito onde estea domiciliado o pagamento.
3. Naqueles casos nos que o cargo en conta non se realice ou se realice fóra de prazo por causa non imputable á persoa obrigada ao pago, non se lle esixirán a este recargos, xuros de mora nin sancións, sen prexuízo dos xuros de mora que, se é o caso, corresponda liquidar e esixirlle á entidade responsable pola mora no ingreso.
4. Cando o concello dispoña expresamente a invalidez das domiciliacións por razóns xustificadas, notificará o acordo polo que se declare a invalidez á persoa obrigado ao pago e á entidade colaboradora.

O pago de débedas en caixas municipais terase que realizar mediante a utilización de efectos timbrados cando así o estableza a ordenanza fiscal reguladora do recurso de dereito público correspondente.

Tamén, cando así o estableza esta ordenanza, o pago de determinadas débedas poderá acreditarse mediante estampaxe ou emisión de selos municipais, polo importe que corresponda segundo tarifa, realizadas por máquinas ou terminais informáticos rexistradores.

Cando se utilicen selos municipais, estes adheriranse ao documento correspondente, e de empregarse o sistema de estampaxe esta practicarase sobre o documento correspondente facendo constar: concepto, importe, data, máquina ou terminal estampador e número da operación.

O pago telemático dos tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público poderá ser efectuado, con carácter voluntario, tanto polos propias persoas obrigadas ao pago como por medio de terceiras persoas, segundo o procedemento que se regula a continuación:

1. Requisitos para realizar o pago telemático:  
As persoas usuarias do sistema de pago telemático deberán cumprir cos seguintes requisitos para poder realizar este pago:
  - a) Dispoñer dun Número de Identificación Fiscal (NIF).
  - b) Dispoñer dun certificado electrónico recoñecido e aceptado polos sistemas do Concello da Coruña, segundo as indicacións que respecto diso se publiquen na sede electrónica municipal.
  - c) Utilizar un sistema informático que cumpra as condicións técnicas que serán publicadas na devandita sede.
  - d) Utilizar un medio de pago admitido polo sistema de pago telemático e por algunha das entidades financeiras adheridas a el.
2. Procedemento de pago telemático  
Quen vaia realizar o pago por medio do servizo de pago telemático accederá á Oficina virtual da Administración Tributaria do Concello da Coruña, onde dispoñerá dos formularios necesarios para determinar o importe para pagar.  
O Concello da Coruña comprobará a validez da firma dixital.  
A información relativa ao pago, unha vez validada a firma dixital, enviaráselle á entidade financeira elixida polo ordenante, mediante a utilización do correspondente protocolo seguro e código de autenticación da mensaxe.
3. Execución da orde de pago mediante tarxeta  
A entidade financeira comprobará as condicións de validez da dita tarxeta, así como a titularidade ou autorización do/da ordenante do pago para realizar o devandito pago e devolverá unha mensaxe de erro, no suposto de ser rexeitado o cargo, ou efectuará o cargo na tarxeta do ordenante do pago e realizará o aboamento na conta restrinxida de recadación de tributos.
4. Confirmación da cobranza  
A entidade financeira comunicarlle á Administración Tributaria municipal a confirmación da cobranza efectuada, que xerará o xustificante de pago.
5. Xustificante de pago  
A Administración Tributaria municipal presentaralle ao ordenante do pago un xustificante de

pago electrónico, que se poderá imprimir. Este xustificante producirá os efectos liberatorios coa Administración Tributaria municipal sinalados no Regulamento xeral de recadación.

6. Pago en prazo

A imposibilidade, polo motivo que fose, de realizar a transacción polo sistema de pago telemático, non escusará á persoa obrigada ao pago de realizar o mencionado pagamento dentro dos prazos establecidos na normativa dos correspondentes tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público do Concello da Coruña.

**ARTIGO 77. TEMPO DO PAGO.**

---

1. As débedas tributarias resultantes dunha autoliquidación deberanse pagar nos prazos que estableza a normativa de cada tributo.

As débedas tributarias procedentes de liquidacións directas, de notificación individual, deberanse pagar dentro do prazo regulado no art. 62 da Lei 58/2003 xeral tributaria, salvo que o Concello, no exercicio das súas competencias, estableza outro distinto.

2. O pago en período voluntario das débedas de notificación colectiva e periódica efectuarase no prazo establecido no art. 94 desta ordenanza.

3. As débedas que se deban aboar mediante efectos timbrados pagaranse no momento da realización do feito imponible, se non se dispón outro prazo na súa normativa específica.

4. Unha vez iniciado o período executivo e notificada a providencia de prema, o pago da débeda tributaria deberase efectuar nos seguintes prazos:

- a) Se a notificación da providencia se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do devandito mes ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- b) Se a notificación da providencia se realiza entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 5 do mes seguinte ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

5. Nos supostos nos que a lei de cada tributo o estableza, o ingreso da débeda dunha persoa obrigada tributaria poderase suspender total ou parcialmente, sen achega de garantía e por solicitude desta, se outro obrigado/a presenta unha declaración ou autoliquidación da que resulte unha cantidade para devolver ou unha comunicación de datos, con indicación de que o importe da devolución que poida ser recoñecido se destine a cancelar a débeda cuxa suspensión se pretende.

O importe da débeda suspendida non poderá ser superior á devolución solicitada.

A débeda suspendida quedará total ou parcialmente extinguida no importe que proceda da devolución recoñecida, sen que sexan esixibles xuros de mora sobre a débeda cancelada con cargo á devolución.

## SECCIÓN QUINTA. APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DO PAGO.

### ARTIGO 78. REGRAS XERAIS.

---

1. O pago das débedas tributarias e demais de dereito público poderase aprazar ou fraccionarse nos casos e na forma que se determina na presente ordenanza.
2. Os aprazamentos e fraccionamentos concederáos a Administración municipal tras a petición das persoas ou entidades obrigadas ao pago, de conformidade coas regras dos apartados seguintes.
3. Non serán susceptibles de aprazamento ou fraccionamento de pagamento as seguintes débedas:
  - a) As de vencemento periódico e notificación colectiva que se achen en período voluntario de pago, salvo aquelas que se incorporen a un Plan de pago personalizado conforme ao previsto nos artigos 84 a 92 desta ordenanza.
  - b) As débedas tributarias cuxa exacción se realice por medio de efectos timbrados.
  - a) As correspondentes a sancións que se achen en período voluntario de pago. No caso de que se presenten solicitudes respecto diso, entenderanse automaticamente denegadas, sen prexuízo da oportuna notificación da resolución.
  - b) Fóra dos supostos das letras anteriores, as que se achen en período voluntario de pago, cuxo importe acumulado sexa inferior a 300,00 euros.
  - c) As que se atopen en período executivo, cuxo importe global pendente de cobranza por contribuínte sexa inferior a 300,00 euros.

### ARTIGO 79. DÉBEDAS APRAZABLES.

---

1. Fóra dos supostos indicados no punto anterior, poderase aprazar o pago da débeda, tanto en período voluntario como executivo, tras a petición das persoas ou entidades interesadas, cando a súa situación económico-financeira lles impida, transitoriamente, efectuar o aboamento dos seus débitos.

Tratándose de débedas en período executivo, a solicitude deberá alcanzar a totalidade das débedas da persoa ou entidade solicitante incursas no devandito período.

2. O fraccionamento de pago, como modalidade de aprazamento, rexeráse polas normas aplicables a este no que non estea regulado especialmente.
3. A Tesourería dispoñerá o necesario para que as solicitudes se formulen nun documento específico, no que se indiquen os criterios de concesión e denegación de aprazamentos e fraccionamentos, así como a necesidade de fundamentar as dificultades económico-financeiras, achegando os documentos oportunos.
4. O acordo de concesión especificará a clase de garantía que a persoa solicitante deberá achegar ou, se for o caso, a dispensa deste deber.
5. Os criterios xerais de concesión de aprazamentos/fraccionamentos son:
  - a) Débeda entre 300,00 euros e 450,00 euros. Poderase aprazar ou fraccionar ata un máximo de 6 meses ou mensualidades.
  - b) Débeda entre 450,01 euros e 600,00 euros. Poderase aprazar ou fraccionar ata un máximo de 9 meses ou mensualidades.
  - c) Débeda entre 600,01 euros e 1.200,00 euros. Poderase aprazar ou fraccionar ata un máximo de 12 meses ou mensualidades.



- d) Débeda entre 1.200,01 euros e 3.000,00 euros. Poderase aprazar ou fraccionar ata un máximo de 15 meses ou mensualidades.
  - e) Débeda entre 3.000,01 euros e 4.500,00 euros. Poderase aprazar ou fraccionar ata un máximo de 18 meses ou mensualidades.
  - f) Débeda entre 4.500,01 euros e 6.000,00 euros. Poderase aprazar ou fraccionar ata un máximo de 21 meses ou mensualidades.
  - g) Débeda por importe superior a 6.000,00 euros. - Poderase aprazar ou fraccionar ata un máximo de 24 meses ou mensualidades.
6. Excepcionalmente, cando as persoas solicitantes sexan beneficiarias de RISGA, Renda social municipal (RSM), pensión non contributiva (PNC), axudas de emerxencia social ou logo do informe previo da traballadora ou traballador social de referencia que acredite a súa situación de vulnerabilidade social, poderase conceder o aprazamento/fraccionamento conforme aos seguintes criterios:
- a) Débeda entre 300,00 euros e 450,00 euros. Poderase aprazar ou fraccionar ata un máximo de 12 meses ou mensualidades.
  - b) Débeda entre 450,01 euros e 600,00 euros. Poderase aprazar ou fraccionar ata un máximo de 18 meses ou mensualidades.
  - c) Débeda entre 600,01 euros e 1.200,00 euros. Poderase aprazar ou fraccionar ata un máximo de 24 meses ou mensualidades.
  - d) Débeda entre 1.200,01 euros e 3.000,00 euros. Poderase aprazar ou fraccionar ata un máximo de 30 meses ou mensualidades.
  - e) Débeda por importe superior a 3.000,00 euros. Poderase aprazar ou fraccionar ata un máximo de 36 meses ou mensualidades.
7. Con carácter extraordinario, os períodos e prazos sinalados na letra e) poderanse ampliar ata un máximo de 15 anos cando a execución do patrimonio da persoa ou entidade obrigada poida afectar ao mantemento da capacidade produtiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva, ou ben puidese producir graves quebrantos para os intereses da Facenda municipal.
8. A Tesourería determinará os documentos ou xustificantes que estime oportunos para acreditar a existencia de dificultades económico-financeiras que lle impidan de forma transitoria á persoa ou entidade solicitante efectuar o pago no prazo establecido.
9. Na petición de aprazamento ou fraccionamento farase constar, ademais dos datos identificadores do suxeito pasivo e da débeda, as causas que motivan a solicitude de aprazamento/fraccionamento, os prazos e restantes condicións que se solicitan e a garantía que se ofrece de entre as que constan no apartado seguinte deste artigo, así como acreditación do código IBAN e titularidade da conta bancaria para a domiciliación dos pagos resultantes da concesión.

## ARTIGO 80. GARANTÍAS.

1. Como regra xeral, as débedas aprazadas ou fraccionadas deberanse garantir mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, coas condicións reguladas na Lei xeral tributaria.

En todo caso, coa solicitude achegárase o correspondente compromiso expreso e irrevogable da entidade para formalizar a garantía necesaria no caso de que o aprazamento/fraccionamento fose concedido. A garantía deberase achegar dentro do prazo dos trinta días seguintes ao da notificación do acordo de concesión.

2. Cando se xustifique que non é posible obter o aval ou certificado, ou que con isto se compromete seriamente a viabilidade da actividade económica, o órgano competente poderá admitir algunha das seguintes garantías:
  - a) Hipoteca inmobiliaria.
  - b) Hipoteca mobiliaria.
  - c) Peza con ou sen desprazamento.
  - d) Fianza persoal e solidaria.
  - e) Calquera outra que se estime pertinente.

Xunto coa solicitude deberase achegar a declaración responsable e o informe xustificativo da imposibilidade de obter o aval ou certificado, no que consten as xestións efectuadas respecto diso, debidamente documentadas.

3. A garantía deberá cubrir o importe do principal da débeda, dos xuros que xere o aprazamento/fraccionamento máis o 25% da suma de ambas as partidas, sen que en ningún caso o importe para garantir poida ser inferior á contía total da débeda no momento do aprazamento/fraccionamento máis os xuros derivados del.
4. Non se esixirá garantía cando a débeda total para aprazar ou fraccionar sexa igual ou inferior a 30.000,00 euros.

Cando se trate de aprazamentos ou fraccionamentos de débedas en período executivo e no procedemento executivo se realizase anotación preventiva de embargo, en rexistro público, de bens de valor suficiente, considerárase garantida a débeda e non será necesario achegar nova garantía.

5. A garantía constituída mediante aval ou certificado deberá ser por termo que exceda, cando menos, en seis meses o vencemento do prazo ou prazos garantidos.
6. Poderase dispensar total ou parcialmente das garantías esixibles, nos termos que estableza a norma regulamentaria de aplicación, cando a persoa ou entidade debedora careza de medios suficientes para garantir a débeda e a execución do seu patrimonio puidese afectar o mantemento da capacidade produtiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva, ou ben puidese producir graves quebrantos para os intereses da Facenda municipal. Se se solicita dispensa total ou parcial de garantía, a solicitude deberá vir acompañada de declaración responsable na que se manifesta a ausencia de bens ou a non posesión doutros que os ofrecidos en garantía.

#### ARTIGO 81. TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN.

1. Na tramitación das solicitudes de aprazamento e fraccionamento examínase e avalíase a falta de liquidez e a capacidade para xerar recursos conforme ao disposto nas normas regulamentarias de aplicación, e formularase a correspondente proposta de resolución ao órgano competente para a súa aprobación.
2. Salvo circunstancias excepcionais apreciadas polo órgano que resolva, denéganse as seguintes solicitudes:
  - a) As de reconsideración de aprazamentos e fraccionamentos resoltos segundo os presentes criterios e que non estean debidamente fundamentadas, que tivesen como única finalidade morar o cumprimento da obriga de pago.
  - b) As presentadas por contribuíntes que incumpren aprazamentos ou fraccionamentos pre-

viamente concedidos, por causas que lles sexan imputables ou por non formalizaren as garantías.

- c) As que correspondan a débedas illadas, cando a persoa ou entidade solicitante manteña algunha outra débeda co concello, pendente de pago en vía executiva, sen regularizar.
3. A resolución notificarase conforme á normativa regulamentaria de aplicación, xunto co cálculo dos xuros e o procedemento para seguir en caso de falta de pagamento.
  4. A resolución deberase adoptar no prazo de seis meses que se contarán desde o día en que a solicitude tivese entrada oficial no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido este prazo, a solicitude poderase entender denegada.

#### ARTIGO 82. CÁLULO DOS XUROS DE MORA.

---

1. As cantidades que se apracen ou fraccionen devindicarán os xuros de mora regulados na normativa tributaria ou orzamentaria, segundo se trate de débedas tributarias ou non tributarias, respectivamente.
2. No caso de concesión de aprazamentos, os xuros calcularanse sobre a débeda aprazada polo tempo comprendido entre o vencemento do período voluntario de pago e o vencemento do prazo concedido. Se o aprazamento foi solicitado en período executivo, a base para o cálculo de xuros non incluírá a recarga do período executivo que corresponda. Os xuros devindicados ingresaranse xunto coa débeda aprazada.
3. No caso de fraccionamentos, calcularanse xuros de mora por cada fracción de débeda, e computarase o tempo dende o vencemento do período voluntario ata o vencemento do prazo de ingreso concedido para cada fracción. Se o fraccionamento foi solicitado en período executivo, a base para o cálculo de xuros non incluírá a recarga do período executivo que corresponda. Os xuros devindicados por cada fracción ingresaranse xunto coa fracción no prazo de ingreso desta.
4. En caso de denegación do aprazamento ou fraccionamento de débedas:
  - a) Se foi solicitado en período voluntario, liquidaranse xuros de mora de conformidade co previsto no art. 52.4 do Regulamento xeral de recadación.
  - b) Se foi solicitado en período executivo, liquidaranse xuros de mora de conformidade co previsto no art. 72 do Regulamento xeral de recadación.

#### ARTIGO 83. PRAZOS DE INGRESO, FORMA DE PAGO E EFECTOS DA FALTA DE PAGAMENTO.

---

1. O ingreso dos prazos deberase efectuar nas datas establecidas nos acordos de concesión do aprazamento ou fraccionamento, que coincidirá co día 5 do mes ao que se refira ou, en caso de ser inhábil, co primeiro día hábil seguinte.
2. Os pagos serán realizados mediante domiciliación bancaria en conta aberta nunha entidade de depósito.

Nos aprazamentos e fraccionamentos, se chegado o vencemento do prazo concedido ou fraccionado non se efectuase o pago, procederase a esixir o pago da débeda pola vía de prema ou ben a executar a garantía, de conformidade co disposto na Lei xeral tributaria e normativa regulamentaria de aplicación.

## SECCIÓN SEXTA. PLAN DE PAGO PERSONALIZADO.

### ARTIGO 84. CONCEPTO E NATUREZA.

---

Poderase anticipar o pagamento das débedas de vencemento periódico mediante o fraccionamento destas, de conformidade coa regulación do Plan de pago personalizado que se desenvolve nesta sección:

O Plan de pago personalizado é unha modalidade de pago a través da cal se poderán facer efectivas, anticipada e fraccionadamente, determinadas débedas tributarias de vencemento periódico incluídas nun plan de pago, domiciliándoas nunha entidade financeira. De acordo co establecido no art. 9.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, establécense senllas bonificacións do 3%, ata un importe máximo de 5.000,00 euros, sobre a cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmóbles e sobre a cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, naqueles casos en que o solicitante inclúa estes impostos no devandito plan.

Estas bonificacións serán compatibles cos demais beneficios fiscais establecidos na Ordenanza fiscal número 51, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles e na Ordenanza fiscal número 52, reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

De acordo co establecido no art. 10 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o art. 161.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, non se esixirán xuros de mora nin, se é o caso, se iniciará o período executivo, nos aprazamentos ou fraccionamentos derivados do acollemento ao Plan de pago personalizado, salvo que se produza a falta de pagamento prevista no artigo 92 desta ordenanza.

### ARTIGO 85. REQUISITOS.

---

Para acollerse a este sistema será necesario:

1. Que se domicilien os pagos fraccionados nunha entidade financeira.
2. Estar ao corrente no pago de débedas tributarias e demais débedas de dereito público co Concello da Coruña.
3. Que se formule a oportuna solicitude no impreso oficial aprobado polo Concello da Coruña, e a través dos medios que se establezan para estes efectos.
4. Que a solicitude a realice a persoa titular da conta en que se domicilie o pago.

### ARTIGO 86. TRIBUTOS ACOLLIDOS AO PLAN DE PAGO PERSONALIZADO.

---

Os tributos de vencemento periódico e notificación colectiva incluídos no Plan de pago personalizado son os seguintes:

1. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
2. Imposto sobre Actividades Económicas.
3. Imposto sobre Bens Inmóbles.
4. Taxa pola prestación do servizo de recollida de lixos e residuos sólidos urbanos de locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos.
5. Taxa pola entrada de vehículos desde a vía pública a edificios, locais e soares, e das reservas de vía pública para aparcamento, carga, descarga e outras actividades en interese particular.
6. Taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras, tribunas, elementos auxiliares, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

**ARTIGO 87.****SOLICITUDE.**

1. As solicitudes de acollemento ao Plan de pago personalizado presentadas mediante impreso oficial no Rexistro Xeral do Concello da Coruña, no Rexistro Electrónico do Concello da Coruña, a través de técnicas de telecomunicación ou telemáticas, ou ben presencialmente nas oficinas municipais de atención postas ao servizo da cidadanía, así como nos lugares sinalados no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, producirán efecto no período impositivo seguinte ao da solicitude e permanecerán en vigor mentres non sexan expresamente revogadas polas persoas interesadas.
2. Poderase convir coas entidades financeiras a súa colaboración na recepción das solicitudes e a súa remisión ao concello.

**ARTIGO 88.****DETERMINACIÓN DO IMPORTE PARA A SÚA DISTRIBUCIÓN EN PRAZOS OU FRACCIÓNS.**

1. O importe total das débedas acollidas ao Plan de pago personalizado que se terá en conta para realizar as operacións conducentes a distribuír os importes parciais que se cobrarán anticipadamente en cada prazo ou fracción será, con carácter xeral, o 95% da suma dos importes das liquidacións do exercicio anterior.
2. Cada ano actualizaranse os importes das cotas en función dos datos tributarios do exercicio inmediato anterior.

**ARTIGO 89.****MODALIDADES DO PLAN DE PAGO PERSONALIZADO.**

As cantidades que o solicitante se comprometa a anticipar polas débedas tributarias incluídas no Plan de pago personalizado distribuiranse en dúas, tres, catro, cinco ou seis cotas a elección da persoa solicitante.

O pago en dúas cotas realizarase nos meses de marzo e outubro; o pago en tres cotas realizarase nos meses de marzo, xullo e outubro; o pago en catro cotas realizarase nos meses de marzo, maio, xullo e outubro; o pago en cinco cotas realizarase nos meses de marzo, maio, xullo, setembro e outubro e o pago en seis cotas realizarase nos meses de marzo, maio, xullo, agosto, setembro e outubro.

Estes ingresos anticipados terán o carácter de pago a conta e faranse efectivos nas datas que correspondan, segundo o cadro seguinte, ou día inmediato hábil posterior:

|         | 1.º pago | 2.º pago  | 3.º pago  | 4.º pago   | 5.º pago   | 6.º pago  |
|---------|----------|-----------|-----------|------------|------------|-----------|
| 2 cotas | 1 marzo  | 1 outubro |           |            |            |           |
| 3 cotas | 1 marzo  | 1 xullo   | 1 outubro |            |            |           |
| 4 cotas | 1 marzo  | 2 maio    | 1 xullo   | 1 outubro  |            |           |
| 5 cotas | 1 marzo  | 2 maio    | 1 xullo   | 1 setembro | 1 outubro  |           |
| 6 cotas | 1 marzo  | 2 maio    | 1 xullo   | 1 agosto   | 1 setembro | 1 outubro |

En todo caso, o día 1 de outubro, ou inmediato hábil posterior, pasarase á cobranza a cantidade resultante da diferenza entre o importe das liquidacións acollidas ao Plan de pago personalizado correspondentes ao exercicio vixente e as cantidades entregadas a conta.

Cada contribuínte poderá acollerse ao Plan de pago personalizado para todos ou algún dos tributos sinalados no artigo 86 desta ordenanza.

## 1. Modificacións a instancia da persoa interesada.

- a) A persoa interesada no Plan de pago personalizado, mediante petición expresa, poderá solicitar a modificación do plan en vigor, tanto no relativo á conta en que estea domiciliado o pago como na modalidade de cotas, de acordo co disposto neste artigo. Así mesmo, poderá incluír novos tributos no plan.
- b) As solicitudes de modificación poderanse presentar, mediante o impreso oficial, no Rexistro Xeral do Concello da Coruña, no Rexistro Electrónico do Concello da Coruña, a través de técnicas de telecomunicación ou telemáticas, ou ben presencialmente nas oficinas municipais de atención postas ao servizo da cidadanía, así como nos lugares sinalados no art. 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e producirán efecto nos períodos seguintes.

As modificacións relativas á modalidade de cotas ou a inclusión de novos tributos no plan que se presenten entre o 1 e o 31 de xaneiro de cada exercicio, producirán efecto no mesmo exercicio no que se soliciten. As presentadas despois do 31 de xaneiro producirán efecto a partir do exercicio seguinte.

As modificacións que consistan no cambio de conta na que o Plan de pago estea domiciliado producirán efectos no mesmo exercicio en que se soliciten, a partir da cota inmediatamente posterior á data da súa presentación, sempre que esta se efectúe cunha antelación mínima de 15 días respecto da data de cargo en conta; noutro caso, producirán efectos a partir da cota seguinte á citada.

## 2. Modificacións de oficio.

Cando se produza a baixa dalgunha inscrición da matrícula, por cambio de titularidade ou por outras causas, que impliquen a baixa de oficio, quedará automaticamente excluída do Plan de pago personalizado, e recalcularase o importe das cotas que resten por pagar de acordo co previsto no apartado 3 seguinte.

## 3. Control de excesos.

Nos supostos de modificación á baixa das débedas asociadas a un Plan de pago personalizado, para evitar que o importe dos pagos fraccionados supere o importe das liquidacións definitivas acollidas ao Plan de pago e, conseguintemente, as correspondentes devolucións, procederase ao recálculo do importe das cotas que resten por pagar. O mesmo recálculo terá lugar á alza, de ser o caso, cando, por unha nova modificación ou pola falta de pagamento dalgún prazo, desaparecese a previsión de exceso.

## 4. Baixa do Plan de pago personalizado.

Con carácter xeral, a baixa no Plan de pago personalizado producirase por instancia da persoa solicitante. A baixa solicitada producirá efecto nos mesmos termos que se establecen para a alta no Plan de pago personalizado, no artigo 87 da ordenanza.

As cantidades anticipadas polos contribuíntes a través deste sistema de pagos imputaranse ás liquidacións asociadas ao Plan de pago personalizado, conforme aos seguintes criterios:

1. En primeiro lugar, atendendo á data de vencemento das débedas, aplicaranse ás de vencemento anterior.

2. Ante débedas de igual vencemento, aplicarase primeiro ás de importe inferior.
3. Ante débedas de igual importe, seguirase a orde secuencial do número de inscrición en matrícula fiscal de cada unha delas.  
A parte das débedas ou o importe íntegro, se for o caso, que restase por pagar pasarase á cobranza o día 1 de outubro, ou inmediato hábil posterior, igualmente mediante domiciliación bancaria.

#### ARTIGO 92. FALTA DE PAGAMENTO.

---

Se por causas imputables á persoa interesada non se fixese efectivo ao seu vencemento o importe da primeira cota devirá inaplicable automaticamente este sistema especial de pago.

Neste caso, o importe total dos tributos poderá aboarse sen recarga nos prazos ordinarios de pago, transcorridos os cales, sen proceder ao seu ingreso, iniciárase o período executivo. Se logo de facerse efectivo o importe da primeira cota do plan, non se fixese efectiva a última ao seu correspondente vencemento, iniciárase o período executivo pola cantidade pendente. En caso de falta de pagamento de calquera das cotas por causas imputables á persoa interesada, non resultará aplicable ningunha bonificación derivada da adhesión ao Plan de pago personalizado.

Sección sétima.

Procedemento de recadación en período voluntario.

#### ARTIGO 93. RECADACIÓN EN PERÍODO VOLUNTARIO.

---

O importe das débedas cuxa xestión recadatoria en período voluntario leven a cabo os órganos de recadación do concello, ingresarase nas caixas municipais, directamente ou a través de entidades colaboradoras, nos casos e polos procedementos que se establecen no capítulo VI, sección IV desta ordenanza.

#### ARTIGO 94. INICIACIÓN E CONCLUSIÓN.

---

1. A recadación en período voluntario dos tributos terá as seguintes datas de inicio e remate.
  - a) Nos supostos de liquidacións tributarias notificadas individualmente aas persoas obrigadas tributarias, a recadación en período voluntario iniciárase na data da recepción da notificación ou daquela na que se entenda producida a mesma a todos os efectos legais y rematará na data de vencemento do prazo correspondente, que dependerá do día da recepción da notificación, conforme ao disposto na Lei Xeral Tributaria.
  - b) Nos casos de tributos de cobro periódico e notificación colectiva, o inicio e o remate do período voluntario de pago serán os que determinen as ordenanzas fiscais reguladoras de cada tributo.  
O prazo de ingreso en período voluntario das débedas que non teñan establecido nas súas normas reguladoras un prazo específico, será único e abarcará desde o día 1 de outubro ao 30 de novembro ou inmediato hábil posterior.  
  
A Xunta de Goberno Local, por proposta da persoa titular da Tesourería Xeral, cando as necesidades do servizo o aconsellen, poderá modificar o prazo sinalado no apartado anterior, sempre que este prazo non sexa inferior a dous meses.
  - c) Nos tributos cuxa xestión recadadora sexa a auto liquidación, o inicio e o remate do período voluntario terá lugar nas datas de comezo do prazo determinado para a súa presentación e de remate do mesmo, determinados pola normativa reguladora de cada tributo.
2. As persoas obrigadas ao pago poderán satisfacer total o parcialmente as débedas en período voluntario. Pola cantidade non aboada iniciárase o período executivo.

## ARTIGO 95. DOMICILIACIÓN EN ENTIDADES DE DEPÓSITO.

1. Os debedores poderán domiciliar o pago das débedas ás que se refire esta sección en contas abertas en entidades de depósito.
2. Para iso, dirixirán comunicación ao órgano de Recadación correspondente, ben directamente ou ben a través da entidade financeira domiciliataria, no modelo ou modelos que se establezan para tal efecto, polo menos dous meses antes do comezo do período recadatorio. Noutro caso, producirán efecto a partir do período seguinte.
3. As domiciliacións terán validez por tempo indefinido en tanto non sexan anuladas pola persoa interesada, rexeitadas pola entidade de depósito ou ata que o Concello dispoña expresamente a súa invalidez por razóns xustificadas. Neste último caso, notificaralles aos contribuíntes o acordo de invalidez da domiciliación.

Será razón suficiente para que a Administración municipal declare a invalidez da domiciliación, a non atención pola entidade de depósito das liquidacións e recibos domiciliados e enviados á cobranza, por inexistencia de saldo na conta de domiciliación.

4. Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a competencia para, por proposta da Tesourería Xeral, ditar as normas e instrucións precisas para a xestión de cobranzas domiciliadas a través de entidades colaboradoras.
5. O cargo das débedas nas contas domiciliatarias, e consecuente aboamento na conta restrinxida do concello, deberase realizar na data que estableza a Tesourería ao presentar á cobranza nas entidades domiciliatarias as correspondentes liquidacións e, en todo caso, polo menos cunha antelación de sete días ao vencemento do período voluntario de pago.

## SECCIÓN OITAVA. PROCEDEMENTO DE PREMA. DISPOSICIÓNS XERAIS.

### ARTIGO 96. RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO.

1. A recadación en período executivo iníciase de acordo co disposto no artigo 161.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en relación cos importes non satisfeitos en período voluntario.
2. Unha vez iniciado o período executivo, a recadación efectuarase polo procedemento de prema, que se iniciará, á súa vez, mediante a notificación da providencia de prema á que se refire o artigo 70 do Regulamento xeral de recadación.

### ARTIGO 97. POTESTADE DE UTILIZAR A VÍA DE PREMA.

O concello ten potestade para utilizar a vía administrativa de prema na recadación executiva de débedas de dereito público, de conformidade co disposto no artigo 2.º.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 4.1 da Lei reguladora das bases de réxime local.

### ARTIGO 98. COMPETENCIA DOS ÓRGANOS DE RECADACIÓN.

As Unidades de Recadación da Tesourería son competentes para recadar as seguintes débedas:

- a) As débedas de dereito público cuxa xestión recadatoria en período voluntario sexa de titularidade municipal.



- b) As que lles correspondan a outras administracións públicas coas que se conveu a recadación, sempre que sexan de dereito público e lles sexa aplicable a vía de prema.

Correspóndelle ao Departamento de Recadación da Tesourería o desenvolvemento das actuacións materiais necesarias para a execución dos actos que se diten no procedemento de prema.

Logo da autorización previa da persoa titular da Tesourería Xeral, o Departamento de Recadación poderá levar a cabo, co apercibimento previo, a execución subsidiaria das resolucións ou requirimentos ditados no procedemento de prema.

#### ARTIGO 99. CARÁCTER DO PROCEDEMENTO.

1. O procedemento será exclusivamente administrativo, e será privativa da Administración municipal a competencia para entender del e resolver todas as súas incidencias. Non será acumulable aos xudiciais nin a outros procedementos de execución. Non se suspenderá pola iniciación daqueles, salvo cando cumpra de acordo co establecido na Lei orgánica 2/1987, do 18 de maio, de conflitos xurisdiccionais ou coas normas sobre concorrencia de procedementos.
2. A Alcaldía, logo do informe previo da Asesoría Xurídica, formularalles aos xuíces, xuízas e tribunais os conflitos que procedan conforme o previsto na lexislación sobre conflitos xurisdiccionais, cando entren a coñecer dos procedementos de prema sen esgotarse antes a vía administrativa.
3. O procedemento de prema iníciase e impúlsase de oficio en todos os seus trámites e, unha vez iniciado, só se suspenderá nos casos e na forma previstos na normativa tributaria.
4. As dilixencias subscritas no procedemento de prema, que consignent feitos presenciados polo órgano ou axente de recadación no ámbito das súas competencias, presúmense certas en canto aos feitos, a súa data e manifestacións das persoas comparecentes.
5. As actuacións realizadas no procedemento de prema conformarán o expediente de prema, que comprenderá todos os débitos que teña a persoa interesada, por calquera concepto, co concello ao iniciarse o expediente.  
  
Poderanse acumular, aos débitos inicialmente perseguidos, os de sucesivos vencementos non satisfeitos en período voluntario e preceptivamente apremados.
6. Corresponderalle ao Departamento de Recadación da Tesourería Xeral a instrución, xestión e seguimento dos expedientes de prema.
7. A tramitación dos expedientes de prema rexistrarase en soporte informático a través da aplicación de Xestión de Ingresos – Recadación. Os documentos, sexa cal for o seu soporte, emitidos ou obtidos a través da devandita aplicación gozarán da validez e eficacia de documento orixinal sempre que o Departamento de Recadación garanta a súa autenticidade.
8. O Pleno poderá subscribir o convenio entre os acredores e o concursado, de acordo co disposto no Real decreto lexislativo 1/2020, do 5 de maio, texto refundido da Lei concursal.

#### ARTIGO 100. ALLEAMENTO DOS BENS EMBARGADOS. COMPOSICIÓN DA MESA DA POXA.

A Mesa da Poxa estará composta pola persoa titular da Tesourería Xeral, que actuará como presidente/a, pola Xefatura de Departamento de Recadación, que actuará como secretario/a, e pola persoa titular da Intervención Xeral, que actuará como vogal. Todas eles poderán ser substituídas.

#### ARTIGO 101. ADXUDICACIÓN DE BENS AO CONCELLO. PROCEDENCIA.

1. Cando no procedemento de alleamento dos bens embargados non se adxudicasen algún ou algúns deles, o/a presidente/a da Mesa poderalle propoñer á Xunta de Goberno Local a súa adxudicación en pago das débedas non cubertas.
2. A adxudicación acordarase polo importe do débito perseguido, sen que, en ningún caso, poida exceder o 75 por cento do tipo inicial fixado no procedemento de alleamento.
3. Se se trata de bens inmobles que non teñan cargas ou gravames ou, aínda téndoos, o importe das devanditas cargas sexa inferior ao valor en que deban ser adxudicados segundo o apartado anterior, o órgano competente acordará a adxudicación.

Con todo, poderá non acordala cando existan circunstancias que permitan prever que os ditos bens non terán utilidade para o concello; para tal efecto, solicitaráselle o informe previo á unidade administrativa competente en función da natureza dos bens.

4. Poderáselle solicitar informe á Asesoría Xurídica cando a complexidade do expediente o requira, cando as cargas ou gravames sexan superiores ao valor en que deban ser adxudicados, ou no caso de concorrer as circunstancias mencionadas no segundo parágrafo do apartado anterior.

#### ARTIGO 102. INSCRICIÓN E CANCELACIÓN DE CARGAS NON PREFERENTES.

1. Os bens inmobles adxudicados ao concello serán inscritos no Rexistro da Propiedade en virtude de certificación expedida pola persoa titular da Tesourería Xeral, na que se farán constar as actuacións do expediente e os datos necesarios para a devandita inscrición, en cumprimento do que dispón o artigo 26 do Regulamento hipotecario, aprobado polo Decreto do 14 de febreiro de 1947.
2. Así mesmo, expedirase mandamento de cancelación das cargas posteriores con relación aos créditos executados, de acordo co disposto no art. 175, regra 2.ª, do regulamento citado.

#### ARTIGO 103. CRÉDITOS INCOBRABLES. CONCEPTO.

Son créditos incobrables aqueles que non se poden facer efectivos no procedemento de recadación por resultaren falidos As persoas obrigadas ao pago e os demais persoas responsables, se os houbese, por algunha das seguintes causas:

- a) Descoñecemento pola Administración municipal da existencia de bens ou dereitos embargables ou realizables a nome da persoa debedora.
- b) Descoñecemento pola Administración municipal do paradoiro da persoa debedora e inexistencia de bens ou dereitos da súa titularidade radicados dentro do termo municipal.

#### ARTIGO 104. PROCEDEMENTO E DECLARACIÓN DE CRÉDITO INCOBRABLE.

1. Cando a imposibilidade de cobrar se produza por descoñecerse o paradoiro da persoa ou persoas debedoras principais e das persoas responsables solidarias, consultarase a información sobre elas que figura na Administración Tributaria Municipal ou á cal teña acceso o Departamento de Recadación. De todo iso deixarase constancia no expediente.

De non acharse bens, e, unha vez realizado o trámite, remitiráselle o expediente á persoa titular da Tesourería Xeral, con proposta, para que este órgano acorde a declaración de fallados ou, de ser o caso, ordene emendar os defectos que observe.

2. A inexistencia de bens embargables de debedores/as con domicilio coñecido no termo municipal xustificárase, no expediente de prema, a través das correspondentes dilixencias negativas de embargo dos bens. Así mesmo, acreditarase a solicitude de información de contas do debedor/a en entidades de depósito e a inexistencia destas, así como a dirixida á Dirección Provincial da Tesourería da Seguridade Social acerca de información sobre salarios e pensións.

A carencia de bens inmoables do/a debedor/a domiciliado noutro termo municipal xustificárase mediante consulta á base de datos do Catastro e dos rexistros da propiedade. Así mesmo, acreditarase a solicitude de información de contas do debedor en entidades de depósito e a inexistencia destas.

3. Atendendo aos criterios establecidos no Regulamento xeral de recadación, para evitar o alleamento de bens de valor notoriamente superior ao dos débitos e a procura da eficiencia na utilización dos recursos dispoñibles, nas distintas fases de execución do procedemento de prema observáranse as seguintes regras:
  - a) Non se iniciarán actuacións de embargo respecto daqueles expedientes/debedores cuxa débeda acumulada pendente sexa igual ou inferior a 10,00 euros.
  - b) Non se iniciará a execución de embargo sobre bens inmoables para aqueles expedientes/debedores cuxa débeda acumulada pendente sexa igual ou inferior a 300,00 euros. Respecto de tales débitos, proseguirase a investigación de bens conforme a orde de prelación legalmente prevista.
  - c) Non se iniciará a execución de embargo de vehículos de tracción mecánica para aqueles expedientes/debedores cuxa débeda acumulada pendente sexa igual ou inferior a 60,00 euros.
  - d) Non se iniciarán procedementos de declaración de responsabilidade subsidiaria respecto das persoas debedoras declaradas falidos cuxo importe principal de débeda pendente sexa igual ou inferior a 300,00 euros.
  - e) Non se incoarán procedementos fronte as persoas sucesoras das débedas tributarias respecto dos/das debedores/as cuxa débeda acumulada sexa igual ou inferior a 300,00 euros.

As débedas nas que concorran as circunstancias sinaladas nos apartados anteriores causarán baixa provisional por insolvencia, unha vez esgotadas as actuacións de execución realizadas dentro dos límites establecidos en cada un deles.

4. En todos os expedientes de declaración de crédito incobrable acreditarase a imposibilidade de compensar a débeda, ben por non existir créditos recoñecidos por acto administrativo firme do concello a favor do debedor, ben por estar endosado a unha terceira persoa co coñecemento do Departamento de Contabilidade municipal.

Tal acreditación realizarase a través dunha certificación expedida polo Departamento de Contabilidade municipal.

O prazo para a emisión da devandita certificación será de 30 días. Transcorrido este sen que o Departamento de Recadación a recibise, continuarase o expediente como se a certificación fose negativa, sen prexuízo de que, se fose emitida con posterioridade e se acreditase a existencia de créditos recoñecidos a favor da persoa debedora, se rehabilite o crédito.

5. Considerarase como caso de carencia de bens, só para os efectos da declaración de insolvencia, a posesión pola persoa debedora de bens cuxa adxudicación ao concello non fose acordada.

6. Unha vez demostrada a insolvencia e, se é o caso, o paradoiro descoñecido dos/das debedores/as principais e persoas responsables solidarias, serán declarados falidos pola persoa titular da Tesourería Xeral.

Indagarase a continuación a existencia ou non de persoas responsables subsidiarias. Se non existen, o crédito será declarado incobrable. Se existen persoas responsables subsidiarias, a persoa titular da Tesourería Xeral ditará acto administrativo de derivación de responsabilidade.

O acordo de declaración de crédito incobrable será trasladado ao Departamento de Contabilidade para os efectos da súa toma de razón e á Intervención Xeral para o seu control financeiro e comprobacións posteriores que a propia Intervención Xeral determine.

#### ARTIGO 105. EFECTOS.

---

1. A declaración de crédito incobrable motivará a baixa en contas do crédito.
2. Esta declaración non impide o exercicio polo concello das accións que se poidan exercitar conforme ás leis contra quen proceda, en tanto non se extinga a acción administrativa para a súa cobranza.
3. Os créditos declarados incobrables, correspondentes a persoas físicas ou sociedades rexistradas no Rexistro Mercantil, serán anotados neste en virtude de mandamento expedido polo órgano de recadación competente. En diante, o rexistro comunicarlle ao devandito órgano calquera acto relativo a esta entidade que se presente á inscrición.

#### ARTIGO 106. BAIXAS POR REFERENCIA.

---

Unha vez declarado fallido unha persoa debedora, os créditos contra esta de vencemento posterior á declaración consideraranse vencidos e poderán ser dados de baixa por referencia á devandita declaración, se non existen outras persoas obrigadas ou responsables.

#### ARTIGO 107. REVISIÓN DE FALIDOS E REHABILITACIÓN DE CRÉDITOS INCOBRABLES.

---

1. O Departamento de Recadación vixiará a posible solvencia sobrevida ás persoas obrigadas e responsables declarados falidos.
2. Se se dera esta circunstancia, e de non mediar prescrición, procederá a rehabilitación dos créditos incobrados. Como consecuencia, reabrirase o procedemento executivo comunicándolle simultaneamente a determinación adoptada á correspondente oficina xestora para que leve a cabo a nova liquidación dos créditos dados de baixa, co fin de que sexan expedidos os correspondentes títulos executivos na mesma situación de cobranza en que se atopaban no momento da declaración de falido.

#### ARTIGO 108. RECADACIÓN POLO CONCELLO DE CRÉDITOS A FAVOR DOUTROS ENTES MUNICIPAIS. PROCEDEMENTO.

---

1. A recadación en vía administrativa de prema dos créditos dos organismos autónomos municipais réxese polo disposto nesta ordenanza, coas seguintes particularidades:
  - a) A providencia de prema será expedida pola persoa titular da Tesourería Xeral, por posta e logo da certificación acreditativa de que non se satisfíxeron os débitos en período voluntario, expedida polo órgano competente dos organismos.

Cando as débedas sexan inferiores á cantidade que fixe o concello como custo mínimo estimado de recadación executiva, só expedirán a certificación e formularán a proposta cando se acumulasen débitos do mesmo debedor por importe superior.

- b) As cantidades recadadas, agás a recarga de prema e custas, serán transferidas ás contas oficiais do organismo pola Tesourería municipal.
- 2. A liquidación de xuros de mora será realizada polos órganos de recadación municipais, salvo cando se xire unha liquidación polo devandito concepto con posterioridade ao pago da débeda constrictiva, en cuxo caso lles corresponderá a súa emisión aos organismos autónomos municipais.
- 3. A declaración de créditos incobrables efectuarana os órganos de Recadación municipais, que llo comunicarán ao organismo para a súa baixa en contas.

A rehabilitación dos devanditos créditos poderase realizar tanto por iniciativa do propio organismo como dos órganos recadadores, nos mesmos casos que os créditos do concello. En tales casos, o organismo realizará unha nova proposta e os órganos recadadores continuarán o procedemento.
- 4. O disposto neste artigo aplicaráselles aos créditos tributarios xestionados pola Empresa Municipal de Aguas de La Coruña S.A. A norma será igualmente aplicable, con excepción do previsto no seu apartado 1 b), a aqueloutros créditos tributarios cuxa xestión recadatoria estea atribuída á citada empresa.

#### ARTIGO 109. TERCEIRÍAS. CARÁCTER E CLASES.

---

- 1. A reclamación en vía administrativa será requisito previo para o exercicio da acción de terceira ante os xulgados e tribunais civís. Esta reclamación tramitarase e resolverase polas normas contidas nesta sección.
- 2. A terceira só se poderá fundar no dominio dos bens embargados ao debedor ou no dereito do /da terceiro/a a ser reintegrado do seu crédito con preferencia ao perseguido no expediente de prema.

#### ARTIGO 110. PROCEDEMENTO.

---

- 1. Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, logo do informe previo da Asesoría Xurídica, a resolución das terceirías.
- 2. Esta competencia poderá ser delegada na concellería que teña delegadas as competencias sobre Facenda, que a exercerá logo do informe previo da Asesoría Xurídica.
- 3. No caso de terceirías de dominio, se os bens consisten en diñeiro, en efectivo ou en contas, consignaranse como depósito na Caixa municipal ou ordenarase a súa retención en contas ao dispor do órgano de recadación, segundo decida este.
- 4. Se os bens ou dereitos non se poden conservar sen sufrir deterioración ou quebranto substancial no seu valor en caso de mora, poderase acordar o seu alleamento.
- 5. A reclamación de terceira formularase por escrito dirixido á Xunta de Goberno Local, achegando os documentos orixinais en que o/a terceiro/a funde o seu dereito e unha copia destes se desexa que aqueles lle sexan devoltos, logo de seren cotexados.

6. Unha vez recibido o escrito no Departamento de Recadación, unirase ao expediente de prema, cualificarase a terceiraíra como de dominio ou mellor dereito e suspenderase ou proseguirá o procedemento sobre os bens controvertidos, segundo o disposto no artigo anterior.
7. Tal expediente de prema co escrito no que se promove a terceiraíra e os documentos achegados, remitiráselle á Asesoría Xurídica, a cal deberá emitir un informe no prazo de quince días, propoñéndolle á Xunta de Goberno Local a resolución que proceda en dereito.

#### ARTIGO 111. RESOLUCIÓN.

---

1. A reclamación de terceiraíra resolverase no prazo máximo de seis meses, que se contarán dende o día en que o escrito en que se promova teña entrada no Rexistro Xeral do concello.

A resolución seralles notificada ás persoas interesadas. Unha vez notificada, enviaráselle a copia da resolución e o xustificante da notificación á Asesoría Xurídica.

2. Se dentro do prazo de tres meses non se notificase a resolución, terase por desestimada a reclamación para os efectos de poder interpoñer a correspondente demanda xudicial.
3. Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, cando recaia resolución expresa a acción ante os xulgados civís terá que se promover dentro do prazo de dez días, que se contarán desde a súa notificación.
4. Se, unha vez pasados dez días desde o día seguinte ao da notificación da resolución, non se xustificase documentalmente a interposición da demanda xudicial, proseguiranse os trámites do procedemento de prema que quedaron en suspenso.
5. A Asesoría Xurídica comunicaralles aos órganos que tramiten os procedementos de prema as sentenzas firmes ou definitivas que recaian naqueles procesos.

#### ARTIGO 112. TERCEIRÍAS A FAVOR DO CONCELLO.

---

Cando ao efectuarse o embargo de bens resulte que estes xa están embargados como resultado doutro procedemento executivo, xudicial ou administrativo, informarase á persoa titular da Tesourería Xeral co detalle en cada caso preciso, para que o comunique á Asesoría Xurídica co fin de que, se procede, se exerciten as accións pertinentes en defensa do mellor dereito do Concello.

### SECCIÓN NOVENA. RECURSOS ADMINISTRATIVOS EN MATERIA RECADATORIA.

#### ARTIGO 113. DISPOSICIÓN XERAL.

---

1. Os actos de xestión recadatoria poderán ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico Administrativo Municipal, de conformidade co disposto no artigo 137 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
2. Previamente e con carácter potestativo, caberá interpoñer un recurso de reposición, conforme ao disposto nos artigos 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 14 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
3. A resolución que se dite no procedemento económico-administrativo pon fin á vía administrativa e contra ela só caberá a interposición do recurso contencioso-administrativo.

4. As unidades xestoras que teñan ao seu cargo a tramitación de expedientes, derivados de recursos ou reclamacións, nos que recaese un acordo ou se ditase unha resolución que anulen ou modifiquen os actos impugnados e que afecten ou se refiran a actos recadatorios, comunícarllos á Tesourería Xeral - Departamento de Recadación, no prazo de 10 días.
5. A garantía presentada ante un órgano para a suspensión dunha débeda conservará a súa validez en tanto se manteña a suspensión da mesma débeda en vía administrativa, económico-administrativa ou contencioso-administrativa. Se a garantía perdese a súa vixencia ou o importe para garantir é superior, por recargas, xuros ou outras responsabilidades engadidas, deberase presentar unha nova garantía ou complementarse a anterior.

A garantía deberá cubrir o importe do acto impugnado, os xuros de mora que xere a suspensión e as recargas que puidesen proceder no momento da solicitude da suspensión. Cando a garantía consista en depósito de diñeiro ou valores públicos, os xuros de mora serán os correspondentes a un mes se cobre só o recurso de reposición. Se estendese os seus efectos á vía económico-administrativa, deberá cubrir ademais o prazo de seis meses se o procedemento da reclamación é o abreviado, dun ano se o procedemento da reclamación é o xeral e de dous anos se a resolución é susceptible de recurso de alzada ordinario.

## **SECCIÓN DÉCIMA.**

### **INGRESOS NAS CONTAS OPERATIVAS DO CONCELLO.**

#### **ARTIGO 114.           NORMAS XERAIS.**

---

1. As cantidades percibidas polos distintos órganos, unidades administrativas e entidades no exercicio da función recadatoria serán ingresadas por estes nas contas operativas do concello que estableza a Tesourería, con suxeición ás disposicións establecidas nas normas reguladoras da autorización para levar a cabo a recadación.
2. Cando as entidades que prestan o servizo de caixa, as colaboradoras na recadación e calquera outra persoa ou entidade que recada por conta do concello non efectúe os ingresos nas devanditas contas nos prazos establecidos, a Tesourería esixirá o inmediato ingreso e levará a cabo a liquidación por xuros de mora que será notificada para o seu ingreso nas arcas municipais.
3. Tanto os atrasos nos ingresos como as demais anomalías na prestación dos servizos poderán dar lugar á suspensión temporal ou á revogación definitiva da autorización, sen prexuízo de que se esixan as responsabilidades doutra índole en que puidesen incurrir, para cuxo efecto se exercitarán as accións que conforme a dereito procedan.

#### **ARTIGO 115.           CAIXA MUNICIPAL.**

---

1. A suma total recadada nas caixas da Tesourería será ingresada diariamente nas contas operativas que para o efecto se sinalen.
2. No caso de que se conveña a prestación do servizo de caixa con entidades de depósito, estas ingresarán as cantidades recadadas nas contas operativas do concello nos prazos, forma e soporte que estableza a Xunta de Goberno Local, por proposta da Tesourería, e entregarán a información necesarias para a xestión e seguimento dos devanditos ingresos.

#### **ARTIGO 116.           ENTIDADES COLABORADORAS.**

---

1. As entidades colaboradoras centralizarán as operacións de ingresos e o envío á Tesourería da información correspondente, na oficina que para o efecto sinalen.

2. As entidades colaboradoras ingresarán nas contas operativas do concello o recadado cada quincena dentro dos sete días hábiles seguintes á fin de cada unha. Cada quincena comprenderá desde a fin da anterior ata o día 5 ou 20 seguinte ou ata o inmediato hábil posterior se o 5 ou 20 son inhábiles.

Con todo, o prazo quincenal poderá ser substituído polo dun mes cando o número de liquidacións recadadas, o seu importe ou circunstancias de xestión así o aconsellen.

Para tales efectos, serán considerados días inhábiles os sábados.

Independentemente do número de días inhábiles, o ingreso nas contas deberase producir no mesmo mes en que finaliza a quincena correspondente.

3. Nos prazos, forma e soporte que estableza a Xunta de Goberno Local, por proposta da Tesourería, poñerán a disposición da Tesourería a información xustificativa das cantidades ingresadas e demais documentos e/ou a información necesarios para a xestión e o seguimento dos devanditos ingresos.

#### **ARTIGO 117. OUTROS INGRESOS.**

---

1. As cantidades recadadas a través de contas restrinxidas para a recadación, sexan de taxas, sexan de calquera outro ingreso do concello ou os seus organismos autónomos e calquera outra cantidade recadada por persoas ou entidades por conta da Facenda Municipal non comprendidas nos artigos anteriores, deberán transferirse ás contas operativas, a nome do concello ou dos organismos autónomos correspondentes, nas datas establecidas nas súas normas reguladoras.
2. Igualmente, en defecto de normas reguladoras especiais, as cantidades recadadas nas caixas dos órganos xestores, organismos, persoas ou entidades validamente autorizadas para iso deberanse ingresar nas contas operativas do concello semanalmente, salvo que o importe recadado xustifique que se efectúen os ingresos con outra periodicidade.

### **SECCIÓN DÉCIMO PRIMEIRA. RESPONSABILIDADES.**

#### **ARTIGO 118. ESIXIBILIDADE.**

---

A esixencia de responsabilidade en que puidese incorrer o persoal ao servizo da Administración municipal no desempeño da función recadatoria axustarase ao disposto no título VII da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria e disposicións complementarias.

### **SECCIÓN DÉCIMO SEGUNDA. OUTRAS NORMAS XERAIS.**

#### **ARTIGO 119. AUXILIO DA AUTORIDADE.**

---

As autoridades encargadas da orde pública prestarán a protección e o auxilio necesario para o exercicio da xestión recadatoria.

#### **ARTIGO 120. VALORES DESAPARECIDOS.**

---

Cando fosen destruídos ou extraviados títulos acreditativos de débedas, xustificarse tal feito no expediente que, con este motivo, se debe instruír e declarar a nulidade dos devanditos títulos e solicitar da persoa titular da Tesourería Xeral a autorización para expedir duplicados destes, co fin de non interromper a acción de cobranza.



#### ARTIGO 121.

#### PROCEDEMENTO PARA A EXPEDICIÓN DE TÍTULOS EXECUTIVOS E OBTENCIÓN DE ESTADOS DE XESTIÓN.

Unha vez finalizado o período de ingreso en voluntaria confeccionarase, por medios informáticos, a relación de liquidacións impagadas, clasificadas por exercicio e concepto de ingreso, que, logo das previas comprobacións oportunas, serán comunicadas á persoa titular da Tesourería Xeral coa proposta de expedición de dilixencia de constancia do débito, diferenciando entre liquidacións en recibo e liquidacións directas.

As relacións dilixenciadas serán obxecto de providencia de prema pola persoa titular da Tesourería Xeral.

A xefatura de Servizo de Tesourería realizará as operacións de cargo na aplicación de Xestión de Ingresos – Recadación, e remitiranse posteriormente ao Departamento de Recadación as relacións obxecto da providencia por medio de prego de cargo.

Anualmente o Departamento de Recadación renderá, a través da xefatura de Servizo de Tesourería, unha conta estado de xestión recadatoria en vía executiva que especificará como mínimo: Pendente de cobranza do período anterior, cargos do período, recadado, baixas, insolvencias, prescricións e outras datas, pendente de cobranza a período seguinte.

Coa conta correspondente ao último exercicio achegaranse, a relación detallada de liquidacións pendentes de cobranza, obtida e verificada informaticamente; a factura de datas clasificada por cargo, concepto e exercicio; a factura de pagos a conta.

A conta será comprobada polo Departamento de Contabilidade.

As instrucións para a súa obtención, así como o formato e detalle das relacións de liquidacións pendentes de pago e da conta estado de xestión recadatoria serán establecidos pola Tesourería.

### CAPÍTULO SÉTIMO. DA INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS

#### ARTIGO 122.

#### CONCEPTO.

Integran a Inspección Municipal de Tributos os órganos e unidades da Administración Tributaria municipal que teñen encomendada a función de comprobar a situación tributaria dos distintos suxeitos pasivos ou demais persoas obrigadas tributarias co fin de verificar o exacto cumprimento das súas obrigas e deberes para coa Facenda Municipal, procedendo, se é o caso, á regularización correspondente.

#### ARTIGO 123.

#### FUNCÍONS DA INSPECCIÓN.

1. Correspóndelle á Inspección Municipal de Tributos:

- a) A investigación dos supostos de feito das obrigas tributarias para o descubrimento dos que sexan ignorados pola Administración municipal.
- b) A comprobación da veracidade e exactitude das declaracións presentadas polas persoas obrigadas tributarias.
- c) A realización de actuacións de obtención de información relacionadas coa aplicación dos tributos, de acordo co establecido nos artigos 93 e 94 da Lei xeral tributaria.

- d) A comprobación do valor de dereitos, rendas, produtos, bens, patrimonios, empresas e demais elementos, cando sexa necesaria para a determinación das obrigas tributarias, e será de aplicación o disposto nos artigos 134 e 135 da Lei xeral tributaria.
  - e) A comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos para obter beneficios ou incentivos fiscais e devolucións tributarias, así como para aplicar réximes tributarios especiais.
  - f) A información ás persoas obrigadas tributarias con motivo das actuacións inspectoras sobre os seus dereitos e obrigas tributarias e a forma en que deben cumprir estas últimas.
  - g) A práctica das liquidacións tributarias resultantes das súas actuacións de comprobación e investigación.
  - h) A realización de actuacións de comprobación limitada, conforme ao establecido nos artigos 136 a 140 da Lei xeral tributaria.
  - i) A investigación e comprobación do cumprimento dos seus deberes por parte dos suxeitos persoas obrigadas ao pago dos prezos públicos municipais.
  - j) O asesoramento e información aos órganos da Administración tributaria municipal.
  - k) A realización das intervencións tributarias de carácter permanente e non permanente.
  - l) As demais que se establezan noutras disposicións ou lle encomenden as autoridades competentes.
2. A xefatura da Inspección Municipal de Tributos será exercida pola persoa titular da xefatura do Servizo de Xestión Tributaria, a cuxo cargo estarán todos os traballos de organización e coordinación, e en tal sentido corresponderalle:
- a) Dirixir a Inspección de Tributos Municipal.
  - b) Perseguir as ocultacións e defraudacións contra a Facenda municipal.
  - c) Ordenar as visitas especiais e extraordinarias que se tivesen que efectuar e vixiar a súa iniciación, desenvolvemento e remate.
  - d) Fomentar, inspeccionar e coordinar a función inspectora en todos os seus aspectos.
  - e) Contestar as consultas que se lle formulen.
  - f) Acordar que se realicen cantas visitas de inspección sexan necesarias aos servizos económicos, recadacións, axencias e demais oficinas relacionadas cos ingresos municipais e solicitar a autorización da Xunta de Goberno Local en todos os casos, comunicándolle ás distintas unidades cando as visitas se vaian levar a cabo en servizos municipalizados, empresas mixtas ou organismos similares e, se fose o caso, complementando a acción inspectora, para casos concretos e específicos, mediante a organización de equipos especiais compostos por un/unha inspector/a e o persoal municipal, alieo á inspección, que cada actuación inspectora demandase.
  - g) As demais funcións que lle asigne a presente ordenanza.

#### ARTIGO 124. NORMATIVA REGULADORA.

---

En canto ao inicio, lugar e tempo, desenvolvemento, terminación e documentación das actuacións inspectoras, así como no relativo ás facultades da Inspección dos Tributos Municipais, estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

#### ARTIGO 125. PLANIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS INSPECTORAS.

---

1. O exercicio das funcións propias da Inspección Municipal de Tributos adecuarase ao correspondente plan de actuacións inspectoras, sen prexuízo da iniciativa das persoas actuarias de acordo cos criterios de eficacia e oportunidade.
2. Será competencia da concellería delegada de Facenda, por proposta do Servizo de Xestión Tributaria, elaborar o plan anual de actuacións inspectoras, que establecerá os criterios sectoriais ou territoriais, cuantitativos ou comparativos, ou ben de calquera outra especie que teñan que servir para seleccionar os suxeitos pasivos ou as persoas obrigadas tributarias acerca dos cales se vaian efectuar as actuacións de comprobación e investigación ou de obtención de información. O rendemento mínimo dos inspectores fixarase de acordo co establecido nesta planificación.
3. O contido do plan anual de actuacións inspectoras é reservado e non será susceptible de publicación. Con todo, os criterios xerais que informan o plan anual faranse públicos mediante unha nota informativa no portal de Transparencia municipal.

#### ARTIGO 126. FACULTADES DA INSPECCIÓN MUNICIPAL DE TRIBUTOS.

---

1. As actuacións inspectoras realizaranse mediante o exame de documentos, libros, contabilidade principal e auxiliar, ficheiros, facturas, xustificantes, correspondencia con transcendencia tributaria, bases de datos informatizadas, programas, rexistros e arquivos informáticos relativos a actividades económicas, así como mediante a inspección de bens, elementos, explotacións e calquera outro antecedente ou información que se lle deba facilitar á Administración ou que sexa necesario para a esixencia das obrigas tributarias.
2. Cando as actuacións inspectoras o requiran, o funcionamento que desenvolva funcións de inspección dos tributos poderá entrar, nas condicións que regulamentariamente se determinen, nos predios, locais de negocio e demais establecementos ou lugares en que se desenvolvan actividades ou explotacións sometidas a gravame, existan bens suxeitos a tributación, nos que se produzan feitos impositivos ou supostos de feito das obrigas tributarias ou exista algunha proba destes.

Se a persoa baixo cuxa custodia se atopasen os lugares mencionados no parágrafo anterior se opuxese á entrada do funcionamento da inspección tributaria, precisárase a autorización escrita do concelleiro delegado, por proposta da Xefatura do Servizo de Xestión Tributaria.

Cando no exercicio das actuacións inspectoras sexa necesario entrar no domicilio constitucionalmente protexido da persoa obrigada tributaria, a Administración deberá obter o consentimento daquel ou a oportuna autorización xudicial.

3. As persoas obrigadas tributarias deberán atender á inspección e prestaranlle a debida colaboración no desenvolvemento das súas funcións.

Á persoa obrigada tributaria que fose requirida pola inspección deberá comparecer, por si ou

por medio de representante, no lugar, día e hora sinalados para levar a cabo as actuacións, e deberá achegar ou ter ao dispor da inspección a documentación e demais elementos solicitados.

Excepcionalmente, e de forma motivada, a inspección poderá requirir a comparecencia persoal da persoa obrigada tributaria cando a natureza das actuacións para realizar así o esixa.

4. O funcionariado que desempeñe funcións de inspección serán considerados axentes da autoridade e deberán acreditar a súa condición, se son requiridos para iso, fóra das oficinas públicas.

As autoridades públicas prestaranlle a protección e o auxilio necesario ás funcionarias ou funcionarios para o exercicio das funcións de inspección.

5. As funcións propias da Inspección Municipal de Tributos serán desenvolvidas por dúas clases de persoal inspector, que se denominarán "Inspectores/as de tributos" e "Inspectores/as auxiliares".
6. Os/as inspectores/as de tributos dependerán, en canto ao desempeño do seu labor, da Xefatura de Inspección. Os/as inspectores/as auxiliares dependerán directamente dos inspectores de tributos, de acordo coa estrutura e adscrición que se estableza. Así mesmo, poderánselles encomendar funcións de colaboración material a outro funcionariado municipal co carácter de colaboradores/as da inspección.

#### ARTIGO 127. ATRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS.

A competencia para ditar as liquidacións e, en xeral, os actos cos que conclúan as actuacións inspectoras corresponderanlle á persoa titular da concellería delegada de Facenda.

### CAPÍTULO OITAVO. INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS

#### ARTIGO 128. PRINCIPIOS DA POTESTADE SANCIONADORA.

A potestade sancionadora en materia tributaria exercerase de acordo cos seus principios reguladores en materia administrativa coas especialidades establecidas na Lei xeral tributaria.

En particular serán aplicables os principios de legalidade, tipicidade, responsabilidade, proporcionalidade e non concorrencia. O principio de irretroactividade aplicarase con carácter xeral, se ben as normas que regulen o réxime de infraccións, sancións tributarias e recargas terán efecto retroactivo respecto dos actos que non sexan firmes cando a súa aplicación resulte máis favorable para a persoa interesada, de acordo co previsto no artigo 10.2 da Lei xeral tributaria.

#### ARTIGO 129. SUXEITOS INFRACTORES.

Conforme ao establecido no artigo 181 da Lei xeral tributaria, serán suxeitos infractores as persoas físicas ou xurídicas e as entidades mencionadas no apartado 4 do artigo 35 da devandita lei que realicen as accións ou omisións tipificadas como infraccións nas leis.

A concorrencia de varios suxeitos infractores na realización dunha infracción tributaria determinará que queden solidariamente obrigados fronte á Administración ao pago da sanción.

#### ARTIGO 130. INFRACCIÓNS TRIBUTARIAS.

---

1. Son infraccións tributarias as accións ou omisións dolosas ou culposas con calquera grao de negligencia que estean tipificadas e sancionadas como tales na Lei xeral tributaria ou outra lei e nas ordenanzas fiscais municipais.
2. As infraccións tributarias clasifícanse en leves, graves e moi graves.
3. Estarase ás regras específicas establecidas na Lei xeral tributaria en materia de cualificación, gradación, redución e extinción das sancións tributarias.
4. A recadación das sancións regularase polas normas establecidas en materia de recadación tributaria polo capítulo sexto da presente ordenanza.
5. As sancións tributarias ingresadas indebidamente terán a consideración de ingresos indebidos para os efectos desta ordenanza.

#### ARTIGO 131. PROCEDEMENTO SANCIONADOR.

---

O procedemento sancionador en materia tributaria municipal, nas súas diferentes fases de tramitación, rexerase polas regras establecidas nos artigos 208 a 212 da Lei xeral tributaria.

O procedemento sancionador iníciase sempre de oficio, mediante a notificación do órgano competente, logo da proposta previa formulada polo Departamento de Facenda, a Xefatura de Inspección Tributaria ou como consecuencia de dilixencias do persoal funcionario inspector. A instrución do expediente corresponderalle á xefatura da unidade encargada da xestión do tributo, salvo que a xefatura do servizo dispoña outra cousa.

O órgano competente para a imposición de sancións será a Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións de atribucións que acorde na materia.

#### ARTIGO 132. RECURSOS CONTRA SANCIÓN.

---

1. O acto de resolución do procedemento sancionador poderá ser obxecto de recurso ou reclamación independente. No caso de que a persoa contribuínte impugne tamén a débeda tributaria, acumularanse ambos os recursos ou reclamacións, e será competente o que coñeza a impugnación contra a débeda.
2. Poderase recorrer contra a sanción sen perder a redución por conformidade prevista no párrafo b) do apartado 1 do artigo 188 da Lei xeral tributaria sempre que non se impugne a regularización.  
As sancións que deriven de actas con acordo non poderán ser impugnadas en vía administrativa. A impugnación da devandita sanción en vía contencioso-administrativa supoñerá a esixencia do importe da redución efectuada.
3. A interposición en tempo e forma dun recurso ou reclamación administrativa contra unha sanción producirá os seguintes efectos:
  - a) A execución das sancións quedará automaticamente suspendida en período voluntario sen necesidade de achegar garantías ata que sexan firmes en vía administrativa.
  - b) Non se esixirán xuros de mora polo tempo que transcorra ata a finalización do prazo de pago en período voluntario aberto pola notificación da resolución que poña fin á vía administrativa, e esixiranse xuros de mora a partir do día seguinte á finalización do devandito prazo.

## CAPÍTULO NOVENO. REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA

### ARTIGO 133. MEDIOS DE REVISIÓN.

1. Os actos e as actuacións de aplicación dos tributos e os actos de imposición de sancións tributarias poderanse revisar, conforme ao establecido na Lei xeral tributaria, mediante:
  - a) Os procedementos especiais de revisión
  - b) O recurso de reposición
  - c) As reclamacións económico-administrativas
2. As resolucións firmes dos órganos económico-administrativos, así como os actos de aplicación dos tributos e de imposición de sancións sobre os que recaese resolución económico-administrativa, non poderán ser revisados en vía administrativa, calquera que sexa a causa alegada, salvo nos supostos de nulidade de pleno dereito, rectificación de erros e recurso extraordinario de revisión.

As resolucións dos órganos económico-administrativos poderán ser declaradas lesivas.
3. Cando fosen confirmados por sentenza xudicial firme, non serán revisables en ningún caso os actos de aplicación dos tributos e de imposición de sancións nin as resolucións das reclamacións económico-administrativas.
4. Os recursos administrativos que se presenten en materia recadatoria terán ademais en conta as normas de tramitación previstas no artigo 113 da presente ordenanza.

### ARTIGO 134. CLASES DE PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN.

1. Son procedementos especiais de revisión, que se tramitarán conforme ás regras establecidas na Lei xeral tributaria, os de:
  - a) Revisión de actos nulos de pleno dereito
  - b) Declaración de lesividade de actos anulables
  - c) Revogación
  - d) Rectificación de erros
  - e) Devolución de ingresos indebidos
2. Para a declaración da nulidade de pleno dereito dos actos ditados en materia tributaria requirirase o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia, e corresponderalle á Xunta de Goberno Local a resolución do procedemento.
3. A declaración de lesividade dos actos anulables corresponderalle á Xunta de Goberno Local, e será preceptivo, aínda que non vinculante, o informe da Asesoría Xurídica municipal sobre a procedencia de que o acto sexa declarado lesivo.
4. As resolucións sobre a devolución de ingresos indebidos serán competencia da Xunta de Goberno Local, que poderá delegalas na persoa titular da concellería delegada de Facenda.

### ARTIGO 135. RECLAMACIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA.

A tramitación e resolución das reclamacións interpostas acomodaranse ao disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, nas normas ditas en desenvolvemento desta e no Regulamento orgánico do Concello

da Coruña regulador do órgano para a resolución das reclamacións económico-administrativas, aprobado polo Pleno Municipal o 2 de novembro de 2004 (BOP do 13 de decembro).

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL. CATEGORÍA FISCAL DAS RÚAS

---

Cando algún vial municipal ou tramo de vial non apareza comprendido no índice fiscal de rúas, será provisionalmente clasificado na categoría fiscal da rúa lindeira. No caso de que conflúa con dúas ou máis vías públicas clasificadas en distinta categoría, aplicárase a tarifa que lle corresponda á vía de superior categoría.

Naqueles supostos en que o nome dunha vía xa incluída no rueiro se vexa afectado por calquera tipo de modificación, seguirá conservando a categoría que tiña asignada.

A concellería delegada de Facenda ditará as necesarias resolucións de actualización do rueiro fiscal derivadas das circunstancias comprendidas nos apartados anteriores.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. PROCEDEMENTOS EN TRAMITACIÓN

---

Os expedientes de xestión, recadación e inspección tributaria en tramitación á entrada en vigor desta ordenanza rexeranse, nas súas actuacións posteriores, polo disposto nela, salvo naqueles aspectos en que a súa aplicación lle resulte máis desfavorable á persoa obrigada tributaria.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA. MANTEMENTO DE ALTA NO PLAN DE PAGOS PERSONALIZADO

---

Todos os contribuíntes que, con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza, estivesen acollidos ao Plan de pagos personalizado regulado nos artigos 84 a 92 desta ordenanza, permanecerán de alta no devandito plan sen necesidade de efectuar unha nova solicitude.

#### DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. INSTRUCCIÓN DE APLICACIÓN

---

A persoa titular da concellería delegada de Facenda ditará cantas instrucións sexan necesarias para a correcta aplicación e cumprimento do disposto nesta ordenanza.

#### DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. DERROGACIÓN NORMATIVA

---

Á entrada en vigor da presente ordenanza quedarán derogadas as seguintes disposicións municipais:

- A Ordenanza xeral de xestión, aprobada a súa derradeira modificación por acordo do Pleno municipal do 29.12.2015.
- A Ordenanza xeral de recadación, aprobada a súa derradeira modificación por acordo do Pleno municipal do 20.10.2017.
- O Regulamento da inspección de tributos municipais, aprobado por acordo do Pleno municipal do 19.12.2008.

As referencias que as distintas ordenanzas fiscais municipais fagan ás anteriores ordenanzas xerais que agora se derrogan, entenderanse feitas á presente ordenanza fiscal xeral.

### DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA. ENTRADA EN VIGOR

---

A presente ordenanza e, se é o caso as súas modificacións, entrarán en vigor no momento da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezaranse a aplicar a partir do 1 de xaneiro seguinte, salvo que nelas se sinale outra data, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación.

DATA DE PUBLICACIÓN NO BOP DA CORUÑA Nº 233 : 03/12/2024